



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 31 de MARZO de 2025

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e trinta minutos do día trinta e un de marzo de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(211).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 21 de marzo de 2025. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

.

2(212).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO CORPORATIVO DE IMPRESIÓN. EXPTE. 10623/113.

Visto o informe xurídico de data 18/03/2025 e o informe de fiscalización do 19/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/03/2025, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- RD Lex. 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Antecedentes

O Contrato do servizo corporativo de impresión do Concello de Vigo (expte. 9479/113: Subministro en réxime de arrendamento (renting) dos dispositivos e consumibles de impresión así como o software asociado de xestión do parque), adxudicouse por Acordo da Xunta de Goberno Local de 4 de xuño de 2021, á empresa SOLITIUM NOROESTE, S.L.U. con CIF B15361348 por un prezo de 667.520,00 €, sendo o importe correspondente ao IVE de 115.850,58 € (166.880,00 € anuais IVE incluído).

O contrato formalizouse en data 06/07/2021, entrou en vigor o 01/08/2021 e rematará o vindeiro 31/07/2025.

Con datas 16/16/2022 e 11/07/2022 a empresa adxudicataria do contrato obxecto do expediente 9479/113, comunica a fusión por absorción, aportando copia do CIF da empresa absorbente e copia da escritura da fusión.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 18 de agosto de 2022 dáse conta da fusión por absorción de SOLITIUM, S.L. con CIF B50570571 (sociedade absorbente) e a entidade SOLITIUM NOROESTE, S.L.U. con CIF B15361348 (sociedade absorbida) de xeito que a primeira delas subrógase en todos os dereitos e obrigas resultantes do contrato de subministro en réxime de arrendamento (renting) dos dispositivos e consumibles de impresión así como o software asociado de xestión do parque expediente 9479-113 adxudicado por acordo da Xunta de Goberno local de data 4 de xuño de 2021.

Consta no expediente resolución da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 19 de febreiro de 2025, dispoñendo se proceda a instruír a primeira e única prórroga do contrato por ser necesario continuar ca prestación do servizo da empresa contratada.

Fundamentos

1. O artigo 29 da LCSP dispón, no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, e que a prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos dous meses antes do prazo de duración do contrato, salvo que no prego do contrato se estableza un maior.
No apartado 4 do mesmo artigo, establécese que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de 5 anos, incluíndo as prórrogas, salvo que se trate dalgunha das excepcións recollidas nese apartado.
2. Neste contrato resulta que:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

- Na cláusula 7 “Prazo”, do PCAP, figura que *“Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dos meses”*.
 - No apartado 4.C das FEC indícase: *“Prórroga do contrato e en caso afirmativo, duración: 1 prórroga dun ano de duración”*.
 - Prorrógase segundo os conceptos e importes dos exercicios 2021 a 2025.
 - No apartado 12 das FEC, sobre o réxime de pagamento, indícase que: *“Dado que o tipo de contrato é de mantemento de equipamento segundo as necesidades, as cantidades a aboar en función do parque de equipos cubertos faranse efectivas de xeito mensual. O importe mensual será proporcional ao custo anual dos equipos cubertos polo servizo ese mes, podendo agruparse as facturas trimestralmente. En cada factura indícarase de forma desagregada o importe correspondente ao aluguer dos dispositivos, as copia en branco e negro e as copias en cor. A información das copias a facturar recollerase dos contadores dos dispositivos”*.
3. Prezo da prórroga:
O prezo total da prórroga ascende a 166.880,00 € dos cales 28.962,64 € corresponden ao IVE.
4. Financiamento:
A prórroga financiarase con cargo á aplicación orzamentaria: 9207.2060001 (Renting sistemas impresión) en cada exercicio:

Partida	Exercicio	Base	IVE	Importe total
9207.2060001 (Renting sistemas impresión)	2025	45.454,54 €	9.545,46 €	55.000,00 €
9207.2060001 (Renting sistemas impresión)	2026	92.462,81 €	19.417,19 €	111.880,00 €
Total				166.880,00 €

5. A empresa *SOLITIUM, S.L.*, no transcurso do período contractual desenvolveu os traballos de acordo cos criterios marcados no prego de condicións técnicas e tamén coa súa oferta polo que se considera que o servizo se prestou de xeito satisfactorio. Precísase tramitar esta prórroga debido á necesidade de continuar co servizo corporativo de impresión do Concello de Vigo.
- A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, posto que é continuación dun servizo que se ven desenvolvendo con anterioridade e polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3: “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.”

6. O expediente de prórroga do contrato iniciárase polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño do 2023 de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 19 de febreiro de 2025, autorizando o inicio de este expediente da primeira e única prórroga do contrato.
7. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
8. A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mailo Concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1.- Acordar a PRIMEIRA E ÚNICA PRÓRROGA DO SERVIZO CORPORATIVO DE IMPRESIÓN DO CONCELLO DE VIGO (EXPTE. 9479/113: SUBMINISTRO EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO (RENTING) DOS DISPOSITIVOS E CONSUMIBLES DE IMPRESIÓN ASÍ COMO O SOFTWARE ASOCIADO DE XESTIÓN DO PARQUE) polo período de un (1) ano, do 1 de agosto de 2025 ao 31 de xullo de 2026, polo importe total de **166.880,00 € IVE** incluído.
- 2.- Autorizar o gasto de **55.000,00 € (IVE incluído)**, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e exercicio:

<i>Partida</i>	<i>Exercicio</i>	<i>Base</i>	<i>IVE</i>	<i>Importe total</i>
9207.2060001 (Renting sistemas impresión)	2025	45.454,54 €	9.545,46 €	55.000,00 €
Total exercicio 2025				55.000,00 €

- 3.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de **111.880,00 € (IVE incluído)**, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e exercicio:

<i>Partida</i>	<i>Exercicio</i>	<i>Base</i>	<i>IVE</i>	<i>Importe total</i>
9207.2060001 (Renting sistemas impresión)	2026	92.462,81 €	19.417,19 €	111.880,00 €
Total exercicio 2026				111.880,00 €

- 4.- Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra el caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(213).- DENOMINACIÓN DO NOVO PARQUE DE BOMBEIROS DO CONCELLO DE VIGO COMO “PARQUE DE BOMBEIROS SERGIO SANLÉS” COMO HOMENAXE Á MEMORIA DO BOMBEIRO FALECIDO. EXPTE. 20494/101.

Visto o informe xurídico de data 20/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 20/03/2025, e conformado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía, que di o seguinte:

I. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Constitución Española de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia.
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro

II. ANTECEDENTES

Primeiro.- D. Sergio Sanlés Domínguez, membro do Corpo de Bombeiros de Vigo faleceu no cumprimento do seu deber o día 25 de maio de 2024, mentres desempeñaba o seu labor labor de protección á cidadanía, tras vinte anos de servizo público. O seu falecemento foi un trágico suceso que marcou profundamente aos seus compañeiros de Corpo de Bombeiros e a cidadanía de Vigo.

Segundo.- O Concello de Vigo desexa render unha homenaxe a memoria de Sergio Sanlés Domínguez, como mostra de gratitude polo seu labor ao servizo da cidadanía, outorgándolle o seu nome ao edificio público do novo Parque de Bombeiros sito no camiño Esturáns nº 2, así como en recoñecemento do seu sacrificio, compromiso e entrega ao servizo público.

Terceiro.- Esta acción atópase enmarcada dentro das competencias atribuídas á Xunta de Gobierno Local conforme al artigo 21 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Cuarto.- Non existe na normativa municipal unha ordenanza específica que regule o procedemento de denominación de espazos públicos no municipio.

O Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado por acordo plenario de data 29 de setembro de 1981, non recolle ningunha referencia relativa a denominación dos edificios públicos.

Quinto.- Mediante instrución de servizo de data de sinatura electrónica 3 de febreiro de 2025, a Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal, ordena o inicio do expediente administrativo para a denominación do novo Parque de Bombeiros do Concello de Vigo como “Parque de Bombeiros Sergio Sanlés” en memoria do bombeiro falecido, o día 25 de maio de 2024, mentres desempeñaba o seu labor de protección á cidadanía”.

Sexto.- En data a 14 de febreiro Dña Ana Galiñanes Fernández, actuando no seu propio nome e en representación da familia de D. Sergio Sanlés Domínguez presta a súa conformidade a proposta de denominación do edificio do novo Parque de Bombeiro do Concello de Vigo co nome de “PARQUE DE BOMBEIROS SERGIO SANLÉS”. Achégase o documento no trámite nº 7 do expediente.

III. FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A) MARCO LEGAL

Primeiro.- A Constitución Española de 1978 establece no seu artigo 137 a organización do Estado en municipios, provincias e as comunidades autónomas que se constitúan e determina que todas estas entidades gozarán de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses. No seu artigo 140 conságrase o principio de autonomía dos municipios, establecéndose que o seu goberno e administración corresponde aos respectivos, concellos integrados polos alcaldes e concelleiros.

Segundo.- A Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local que establece como potestades dos entes locais a regulamentaria e a de autoorganización.

Terceiro.- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia, regula o réxime administrativo específico para a Comunidade Autónoma de Galicia, proporcionando directrices para a actuación dos entes locais na rexión.

Cuarto.- Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro), que regula, entre outras materias, os procedementos administrativos e a organización das entidades locais.

B) MOTIVACIÓNS PARA A DENOMINACIÓN.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

Primeiro.- Render unha homenaxe á memoria e honra de D. Sergio Sanlés Domínguez, membro do Corpo de Bombeiros de Vigo, que faleceu no cumprimento do seu deber o día 25 de maio de 2024, mentres desempeñaba a súa labor de protección á cidadanía, tras vinte anos de servizo público.

Segundo.- Deixar constancia da gratitude do Concello de Vigo e máis da súa cidadanía á D. Sergio Sanlés Domínguez polo seu sacrificio, valentía, compromiso e entrega ao servizo público.

Terceiro.- Reforzar os valores de servizo, sacrificio e solidariedade ao tempo que se lembra aos cidadáns o valor dos profesionais que arriscan as súas vidas polo ben dos demais.

Cuarto.- Contribuír á construción dunha memoria colectiva que honra aqueles que, co seu traballo, melloran a calidade de vida e a seguridade de todos, a través da atribución do nome do bombeiro falecido en acto de servizo a un edificio público.

C) INCIDENCIA ECONÓMICA

O presente expediente carece de proposta de gasto e de contido económico, xa que non comportan dereito económico, nin gasto, razón pola que a proposta de acordo non se somete ao trámite de fiscalización previa da Intervención Xeral.

IV.-PROPOSTA DE ACORDO:

Polo exposto, en atención aos especiais e importantes méritos recollidos na parte expositiva deste informe-proposta, e na honra e memoria do membro do Corpo de Bombeiros do Concello de Vigo, D. Sergio Sanlés Domínguez, que faleceu traxicamente o día 25 de maio de 2024, no cumprimento do seu deber, mentres desempeñaba a súa labor de protección á cidadanía,

PROPONSE á Xunta de Goberno Local, previo o informe xurídico favorable, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a proposta de denominación do edificio do novo Parque de Bombeiros do Concello de Vigo sito no camiño Esturáns nº 2 como “Parque de Bombeiros Sergio Sanlés”, como homenaxe da cidade de Vigo á memoria do membro do Corpo de Bombeiros do Concello de Vigo, D. Sergio Sanlés Domínguez que faleceu no cumprimento do seu deber o día 25 de maio de 2024, mentres desempeñaba o seu labor de protección á cidadanía, tras vinte anos de servizo público.

Segundo.- Deixar constancia da gratitude do Concello de Vigo e máis da súa cidadanía á D. Sergio Sanlés Domínguez polo seu sacrificio, valentía, compromiso e entrega ao servizo público.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos/as familiares directos de D. Sergio Sanlés Domínguez, e publicar o mesmo na sede electrónica do Concello de Vigo,

nos termos establecidos nos artigos 5.1 e 6.1. da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(214).- ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN CENTRO XUVENIL ABERTAL PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES PREVISTAS NO PROGRAMA “VIGO INCLUSIVO (ANOS 2023-2025)”. EXPTE. 249446/301.

Visto informe de fiscalización do 19/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/02/2025 asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe de Área, o asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. A «Asociación Centro Xuvenil Abertal» é unha entidade social prestadora de servizos á xuventude, constituída formalmente en 1985 co propósito de contribuír no tempo libre á educación e promoción integral de nenos/as, adolescentes e mozos/as. Figura inscrita no Rexistro de Asociacións co nº 1985/01331-1 e no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais de Galicia con data 07.02.2020 (RUEPSS nº E-7254). Consta inscrita tamén no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo desde o ano 1990 (nº 168-90).

I.2. De acordo cos seus Estatutos, a Asociación ten como un dos seus fins principais prestar todo tipo de servizos educativos e sociais a nenos/as e mozos/as do seu ámbito de actuación, de acordo coas súas necesidades e intereses. Para o cumprimento deses fins desenvolve diferentes servizos e actividades de lecer e tempo libre.

I.3. Dentro das referidas actividades estatutarias, a «Asociación Centro Xuvenil Abertal» desenvolve programas e actividades de lecer e tempo libre inclusivo que teñen como obxectivo incidir na superación das causas que xeran a exclusión social.

I.4. A Concellería de Política Social é coñecedora da existencia dun colectivo de persoas na cidade que teñen a necesidade de acudir a este tipo de recursos para mellorar a súa calidade de vida e a das súas familias; recursos que constitúen un complemento dos servizos dos que dispón o Concello de Vigo.

I.5. O O 29.03.2023 foi asinado polas partes o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CENTRO XUVENIL ABERTAL PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES PREVISTAS NO PROGRAMA “VIGO INCLUSIVO” (ANOS 2023-2025)», aprobado previamente na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 23.03.2023 (Exp. nº 249446/301).

I.6. Na súa Estipulación Cuarta estableceuse o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

«O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á “Asociación Centro Xuvenil Abertal” unha subvención, para cada un dos exercicios de 2023, 2024 e 2025, por importe de 60.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 180.000€. O gasto de 2023 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.20 – “Convenio Asociación Abertal” dos orzamentos. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2024 e 2025) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais...».

I.7. Con todo, nos orzamentos anuais para o exercicio de 2025, aprobados definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 23.12.2024 (Exp. nº 90/142; BOPPO nº 250, do 27.12.2024), figura consignado, na aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.20 – “CONVENIO ASOCIACIÓN ABERTAL”, un importe de 90.000€, polo que resulta preciso proceder, mediante esta Addenda, á modificación daquela Estipulación do Convenio.

I.8. Con ese incremento da contía da subvención (+30.000€) preténdese incrementar tanto o número de actividades a desenvolver dentro do Programa “VIGO INCLUSIVO” como o de prazas dispoñibles para os/as usuarios/as.

I.9. Por todo o anteriormente exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar, co contido indicado, unha Addenda ó Convenio de colaboración coa «Asociación Centro Xuvenil Abertal», que afecta exclusivamente á súa Estipulación Cuarta.

I.10. De acordo co previsto na súa Estipulación Décima: *«Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se intrumentará mediante a correspondente Addenda».*

I.11. A concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela»* e que *«non se entenderá como exercicio de novas competencias»*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.12. Toda vez que ten transcendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), esta Addenda deberá ser sometida a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL e Base nº 40.3), a fin de verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

I.13. Como queira que os compromisos económicos asumidos en virtude deste Convenio modificado pola Addenda en cuestión non superan os 600.000€, non será necesaria a súa remisión electrónica ó Tribunal de Contas ou ó órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma, sen prexuízo das facultades que teñen legalmente atribuídas para reclamar cantos datos, documentos e antecedentes estimen pertinentes (Art. 53 LRXSP), como así se recollía xa no Convenio aprobado o 23.03.2023.

I.14. A competencia para aprobar a Addenda ó precitado Convenio e, previamente, o gasto que representa, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, por proposta da Concelleira da Área de goberno de Política Social, Turismo e Xuventude, de acordo co Art. 127.1.g) da LRBRL, Art. 31 da LSG e coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027) e, en particular, coa Resolución do 28.06.2024 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude (BOPPO n.º 133, do 09.07.2024) e coa Resolución do 20.06.2023, de delegacións xenéricas en concelleiros/as de Área de goberno e concelleiros/as delegados/as (BOPPO n.º 124, do 28.06.2023; Apdo. Primeiro, j).

I.15. A súa sinatura corresponde ó Alcalde – Presidente da Corporación (Arts. 124.4.a] LRBRL e 61.1.a] LALGA) e, por delegación súa, á Concelleira da Área de goberno de Política Social, Turismo e Xuventude (Resolución da Alcaldía – Presidencia do 20.06.2023, de delegación de competencias xenéricas en concelleiros de Área de goberno e concelleiros delegados; Apdo. Primeiro, Pto. j]; BOPPO n.º 124, do 28.06.2023 e Base n.º 40.2).

I.16. O preceptivo informe xurídico (Base n.º 40.3 das de execución do orzamento xeral) dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á ADDENDA ó «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CENTRO XUVENIL ABERTAL PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES PREVISTAS NO PROGRAMA “VIGO INCLUSIVO” (ANOS 2023-2025)», co texto que a seguir se transcribe.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto por importe total de 90.000€ (NOVENTA MIL EUROS) para o exercicio de 2025 que imputarase á aplicación orzamentaria n.º 2310.480.00.20 – “CONVENIO ASOCIACIÓN ABERTAL”.

TERCEIRO.- Publicar este acordo no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

ADDENDA Ó «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CENTRO XUVENIL ABERTAL PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES PREVISTAS NO PROGRAMA “VIGO INCLUSIVO” (ANOS 2023-2025)».

En Vigo, na data da sinatura electrónica

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira da Área de goberno de Política Social, Turismo e Xuventude do Concello de Vigo, D^a Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno Local, D^a Susana Gallardo Fariña.

Doutra parte,

D^a. Ángela M^a Landín Ruíz, con DNI n^o 36.092.419-Z, Presidenta da «Asociación Centro Xuvenil Abertal», CIF n^o G-36633394, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Venezuela n^o 3, baixo, de Vigo (CP 36203).

INTERVEÑEN

D^a. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira da Área de goberno de Política Social, Turismo e Xuventude do Concello de Vigo, de acordo coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturaación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027) e, en particular, coa Resolución do 28.06.2024 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude (BOPPO n.º 133, do 09.07.2024) e coa Resolución do 20.06.2023, de delegacións xenéricas en concelleiros/as de Área de goberno e concelleiros/as delegados/as (BOPPO n.º 124, do 28.06.2023; Apdo. Primeiro, j).

D^a. Ángela M^a Landín Ruíz, actuando en representación da “Asociación Centro Xuvenil Abertal”, segundo así resulta dos seus estatutos e da documentación achegada ó Exp. n^o 249443/301 (2023), asegurando o comparecente a vixencia do seu cargo e que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Goberno Local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización da presente Addenda e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I. O 29.03.2023 foi asinado polas partes o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CENTRO XUVENIL ABERTAL PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES PREVISTAS

TAS NO PROGRAMA “VIGO INCLUSIVO” (ANOS 2023-2025)», aprobado previamente na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 23.03.2023 (Exp. nº 249446/301).

II. O obxecto dese Convenio de colaboración era a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Asociación Centro Xuvenil Abertal» para o desenvolvemento do Programa: “VIGO INCLUSIVO” (ANOS 2023-2025)».

III. Na súa Estipulación Cuarta estableceuse o seguinte:

«O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á “Asociación Centro Xuvenil Abertal” unha subvención, para cada un dos exercicios de 2023, 2024 e 2025, por importe de 60.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 180.000€. O gasto de 2023 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.20 – “Convenio Asociación Abertal” dos orzamentos. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2024 e 2025) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais...».

IV. Con todo, nos orzamentos anuais para o exercicio de 2025, aprobados definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 23.12.2024 (Exp. nº 90/142; BOPPO nº 250, do 27.12.2024), figura consignado, na aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.20 – “CONVENIO ASOCIACIÓN ABERTAL”, un importe de 90.000€, polo que resulta preciso proceder, mediante esta Addenda, á modificación daquela Estipulación do Convenio.

V. En efecto, a teor do previsto na súa Estipulación Décima: *«Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se intrumentará mediante a correspondente Addenda».*

Tendo en conta o anteriormente exposto as partes,

ACORDAN

«PRIMEIRO: Modificar a Estipulación Cuarta do «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CENTRO XUVENIL ABERTAL PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES PREVISTAS NO PROGRAMA “VIGO INCLUSIVO” (ANOS 2023-2025)», que quedará coa seguinte redacción:

«O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á “Asociación Centro Xuvenil Abertal” unha subvención, para o exercicio de 2025, por importe de 90.000€. O gasto imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.20 – “Convenio Asociación Abertal” dos orzamentos...».

SEGUNDO: O réxime de pagamentos será semellante ó establecido na Estipulación Quinta do Convenio subscrito en 2023 entre a *Concellería de Política de Benestar Social* e a «Asociación Centro Xuvenil Abertal», pagándose o 50% (45.000€) logo da asinatura da Addenda e previa presentación do proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do anterior e o 50% restante (45.000€) unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 01 de novembro de 2025. Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente unha declaración responsable de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

que non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

TERCEIRO: A presente Addenda estará en vigor durante a vixencia que resta do Convenio».

E en proba de conformidade, as partes asinan esta Addenda, por duplicado exemplar, na data expresada no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

POLO CONCELLO DE VIGO

A CONCELEIRA DA ÁREA DE GOBERNO DE POLÍTICA SOCIAL, TURISMO E XUVENTUDE,

Asdo.: Yolanda Aguiar Castro

Perante mín,

A SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL,

Asdo.: Susana Gallardo Fariña

POLA «ASOCIACIÓN CENTRO XUVENIL ABERTAL»,

Asdo.: Ángela Mª Landín Ruíz

5(215).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES SOCIAIS “ALBORADA”, “AMAINA” E “ÉRGUETE”, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS CONDUTAS ADITIVAS 2025. EXPTE. 277974/301.

Visto o informe xurídico do 17/03/2025 e o informe de fiscalización do 19/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/03/2025 asinado xefe de CEDRO, o xefe de Área de Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. O obxecto deste Convenio é a regulación dos termos da colaboración prevista entre a Concellería de Política Social do Concello de Vigo – CEDRO e as entidades sociais (ONG) integrantes da “Comisión técnica de Prevención” do PLDA, «ALBORADA», «AMAINA» e «ÉRGUETE» para o desenvolvemento do «PROGRAMA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS CONDUTAS ADICTIVAS 2025».

I.2. Ata o exercicio de 2017 os programas e actividades de prevención eran obxecto de contratación anual (contratos menores) coas entidades participantes no PLDA. No ano 2018 plantexouse a conveniencia de desenvolver eses programas de prevención de forma máis planificada e cun horizonte temporal de catro (4) anos través da colaboración con ditas entidades sociais, o que se materializou no Convenio aprobado pola XGL na súa sesión ordinaria do 14.06.2018: «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELEIRÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E AS ENTIDADES SOCIAIS “ALBORADA”, “AMAINA” E “ÉRGUETE” PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS E

OUTRAS CONDUTAS ADICTIVAS, 2018 – 2021» (Exp. nº 154891/301), que foi asinado polas partes o 12.07.2018.

En 2022 aprobouse, só para ese exercicio, un convenio de colaboración con esas mesmas entidades sociais (XGL do 05.05.2022; Exp. nº 232688/301: asinado o 19.05.2022). O 17.04.2023 asinouse un novo convenio de colaboración para a anualidade de 2023, tramitado no Exp. nº 248919/301 e aprobado na XGL do 13.04.2023. En 2024 o convenio formalizouse entre as partes no mes de abril, logo de ser aprobado pola XGL en sesión do 05.04.2024 (Exp. nº 262026/301). Para dar continuidade neste ano 2025 a ese labor de prevención no ámbito das adiccións faise necesario tramitar e aprobar un novo convenio.

I.3. Os obxectivos xerais deste Programa de prevención son os de promover unha conciencia social sobre a importancia dos problemas, os danos e os custos persoais e sociais relacionados coas drogas, sobre a posibilidade real de evitalos e a importancia de que a sociedade no seu conxunto sexa parte activa na súa solución.

I.4. A descrición detallada dos cursos de prevención que se impartirán no marco deste Programa figura nas respectivas Fichas que se xuntan como Anexo ó Convenio e nas que se conteñen a súa xustificación, obxectivos específicos, destinatarios/as, metodoloxía, duración, contidos e custo de cada un.

I.5. O Concello de Vigo comprométese a conceder directamente ás entidades colaboradoras unha subvención para financiar o custo das actividades de 106.800€, que poderá imputarse á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.18 (“*Convenio Entidades PLDA*”).

I.6. O evidente interese social na implementación na nosa cidade dun programa anual de prevención en materia de drogodependencias promovido por este Concello en estreita colaboración coas entidades sociais mencionadas xustifica o outorgamento dunha subvención nominativa con base no interese público, social e humanitario da subvención obxecto do Convenio.

I.7. As entidades «ALBORADA», «AMAINA» e «ÉRGUETE» son ONG que forman parte da “Comisión técnica de prevención” do PLDA, figuran inscritas no Rexistro de Entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia (RUEPSS), contan con experiencia acreditada na organización e impartición desta clase de actividades e son as que se manifestaron interesadas en colaborar co Concello de Vigo na implementación destas actividades de prevención.

I.8. O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

1. O primeiro 50% da achega anual (53.400€) aboarase á sinatura do Convenio.
2. Efectuarase un segundo pagamento polo importe (a maiores dese 50%) correspondente ás actividades realizadas e xustificadas polas entidades a 30.06.2025. Este pagamento intermedio resulta necesario para poder xustificar en prazo a subvención anual que concede a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades ou agrupacións de concellos para o período 2022 - 2025 ¹.

1 ORDE do 21 de xullo de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria (DOG nº 153, do 11.08.2022).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

3. Un pagamento final, polo importe restante, unha vez xustificada a realización ou previsión de realización de todas as actividades programadas. En todo caso, esta xustificación final presentarse antes do 1 de novembro de 2025.

Estes pagamentos realizaranse de acordo coa previsión de actividades a desenvolver por cada unha das entidades participantes (Vid. Cadro Base Oitava do Convenio).

I.9. Tal como se recolle no propio Convenio, para o caso de que durante a súa vixencia se chegase a contar con financiamento adicional doutras Administracións e en función da demanda existente, poderase incrementar o número de actividades/cursos inicialmente previsto; o que deberá recollerse nunha *Addenda*, na que tamén se incluírá a información relativa ás entidades organizadoras, custo unitario, destinatarios/as, etc., que deberá ser obxecto de aprobación polo órgano resolutorio competente.

I.10. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, aprobada polo Parlamento de Galicia, considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede, a Memoria xustificativa, a orde de inicio de expediente da Concelleira de Política Social e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,
«ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E AS ENTIDADES SOCIAIS “ALBORADA”, “AMAINA” E “ÉRGUETE” PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS CONDUTAS ADICTIVAS 2025».

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 106.800€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.18 (“*Convenio Entidades PLDA*”).

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “*convocatoria instrumental*” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E AS ENTIDADES SOCIAIS “ALBORADA”, “AMAINA” E “ÉRGUETE” PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS CONDUTAS ADICTIVAS, 2025»

En Vigo, na data da sinatura electrónica

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira da Área de goberno de Política Social, Turismo e Xuventude do Concello de Vigo, D^a Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno local, D^a Susana Gallardo Fariña.

Doutra,

D. José Ignacio Jiménez Pereira, con DNI nº 35.999.806-E, Presidente da “Asociación cidadana de lucha contra la droga ALBORADA”, CIF nº G-36624963, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Isaac Peral nº 8, CP 36201 de Vigo.

D^a Paula González González, con DNI nº 35.318.058-V, presidente/a da «Asociación para la promoción de la salud, “AMAINA”», con NIF G-27802818 e domicilio social na rúa Marín nº 1 (CP 36209).

D^a. M^a del Carmen Avendaño Otero, con DNI nº 35.956.947-N, Presidenta da Asociación “ÉRGUETE - Prevención e Intervención en condutas adictivas”, CIF nº G-36.642.726, con enderezo social na Avda. Martínez Garrido, nº 21, interior (CP 36205).

INTERVEÑEN

D^a. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira da Área de goberno de Política Social, Turismo e Xuventude do Concello de Vigo, de acordo coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estrutura dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027) e, en particular, coa Resolución do 28.06.2024 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude (BOPPO n.º 133, do 09.07.2024) e coa Resolución do 20.06.2023, de delegacións xenéricas en concelleiros/as de Área de goberno e concelleiros/as delegados/as (BOPPO n.º 124, do 28.06.2023; Apdo. Primeiro, j).

D. José Ignacio Jiménez Pereira, actuando en representación da Asociación ALBORADA, segundo así resulta dos seus estatutos e do acordo da Asemblea Xeral do 22.02.2022, asegurando a persoa comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. Paula González González, en nome e representación da «Asociación para la promoción de la salud, “AMAINA”», segundo resulta dos seus estatutos e da documentación achegada, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. M^a del Carmen Avendaño Otero, actuando en representación de “ÉRGUETE - Prevención e Intervención en condutas adictivas”, segundo así resulta dos seus estatutos e da documentación achegada, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Goberno local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os/as comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesarias para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I. Para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, o Concello de Vigo pode promover as actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias está a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da L.7/1985; LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro) .

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, aprobada polo Parlamento de Galicia, considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndose elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara

que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

II. A L.2/1996, do 8 de maio, de Galicia, sobre drogas, recolle tamén as competencias das Administracións locais e os programas, medidas e ámbitos de intervención, referidos á PREVENCIÓN, asistencia e incorporación social na nosa Comunidade.

III. A PREVENCIÓN do consumo de drogas é o ámbito clave sobre o que se apoia a «Estratexia Nacional sobre Drogas», así como o «Plan de Trastornos Adictivos de Galicia». Considérase que a prevención é a ferramenta básica para evitar ou retrasar o inicio no consumo de drogas. A nivel xeral, os OBXECTIVOS fundamentais da PREVENCIÓN son:

- 1) Promover unha conciencia social sobre a importancia dos problemas, os danos e os custos persoais e sociais relacionados coas drogas.
- 2) Potenciar o desenvolvemento integral das persoas.
- 3) Fomentar as capacidades e habilidades persoais que faciliten actitudes e comportamentos de rexeitamento diante da oferta de drogas.
- 4) Reducir a idade de inicio no consumo de drogas.
- 5) Ofrecer alternativas de vida e lecer saudables.

Recoñécense tres NIVEIS DE ACTUACIÓN a nivel preventivo:

- a) *Prevención universal*, que comprende accións dirixidas á poboación xeral independentemente do nivel de risco ó que estea sometida.
- b) *Prevención selectiva*, que abrangue as actuacións destinadas a unha poboación en situación de vulnerabilidade ou risco.
- c) *Prevención indicada*, dirixida de forma específica ás persoas que están sometidas a situacións de alto risco en relación co consumo de drogas ou que xa experimentaron con elas e presentan condutas problemáticas asociadas ó abuso das mesmas.

IV. A drogodependencia é un fenómeno social moi complexo, tendo en conta a diversidade de factores que inciden nel así como a gran cantidade de grupos de poboación que se ven afectados polo mesmo. Os programas e actuacións preventivas deben ter en conta unha serie de contextos ou elementos que son fundamentais para obter os mellores resultados. Desde esta perspectiva, é necesario facer fincapé na prevención en diferentes ÁMBITOS: escolar, familiar, xuvenil (lecer e tempo libre), laboral e comunitario.

V. O Concello de Vigo presta servizos sociosanitarios desde hai 40 anos ás persoas drogodependentes a través da Unidade Asistencial de Drogodependencias (UAD) e da Unidade de Día (UD) do “Centro Preventivo e Asistencial de Drogodependencias” - CEDRO, desenvolvendo desde 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos de PREVENCIÓN, asistencia e incorporación social (promoción e reinserción social das persoas usuarias).

Conta tamén cun «Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións» (PLDA), actualmente en proceso de revisión, no que se propoñen os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

condutas aditivas e da súa problemática asociada, a nivel local. No ámbito da PREVENCIÓN e ó abeiro do PLDA leváronse a cabo, entre outras, as seguintes actividades:

- Campañas de sensibilización e información dirixidas á poboación xeral e ás familias sobre os riscos asociados ó consumo de substancias e outras condutas adictivas.
- Proxectos de prevención no ámbito educativo.
- Proxectos de prevención nos lugares de consumo de substancias ilegais e alcohol.
- Implicación dos axentes sociais en actividades de prevención laboral.
- Posta en marcha dun sistema de atención, información e asesoramento persoal a nivel comunitario.
- Desenvolvemento de accións formativas dirixidas a colectivos específicos en risco.

VI. O que se quere implementar agora pola Área de Benestar social - CEDRO, de forma planificada para o exercicio de 2025, son os diversos Programas de PREVENCIÓN de drogodependencias a través da colaboración concertada con entidades sociais participantes no Plan, formalizada nun convenio administrativo.

Todas elas son ONG que forman parte da súa “Comisión técnica de prevención”, figuran inscritas no Rexistro de Entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia e contan con experiencia acreditada na organización e impartición desta clase de actividades.

VII. En concreto, as actividades programadas para impartir por parte de «ALBORADA», «AMAINA» e «ÉRGUETE» durante 2025 serían as seguintes:

Ámbito Escolar:

- "Información - sensibilización" (prevención universal)
- "Non pasa nada, ¿pasa algo?" (prevención selectiva)
- "Odisea" (prevención selectiva)

Ámbito familiar:

- "Máis que un teito" (prevención universal)

Ámbito xuvenil:

- "Activa" (prevención universal)

Ámbito comunitario:

- "Formación de mediadores/as sociais en prevención" (prevención universal)
- "Información - sensibilización" (prevención universal)
- “Información-sensibilización en clubs deportivos” (prevención universal)

Durante a vixencia do Convenio os anteriores cursos/actividades, que se axustan ós do catálogo da Consellería de Sanidade, poderán ser obxecto de modificación ou substitución por outros/as semellantes en función dos resultados obtidos, de necesidades novas ou doutras circunstancias debidamente xustificadas.

VIII. O presente convenio de colaboración contempla, coas debidas adaptacións, as prescricións básicas que sinala a Base nº 40 das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo relativas a competencias de aplicación, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervincentes conclúen este convenio a fin de formalizar os termos da colaboración para a execución deste programa municipal, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio a regulación dos termos da colaboración prevista entre a Concellería de Política Social do Concello de Vigo – CEDRO e as entidades sociais (ONG) integrantes da “Comisión técnica de Prevención” do PLDA, «ALBORADA», «AMAINA» e «ÉRGUETE» para o desenvolvemento do «PROGRAMA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS CONDUTAS ADICTIVAS 2025».

SEGUNDA.- Os obxectivos xerais deste Programa de PREVENCIÓN son os de promover unha conciencia social sobre a importancia dos problemas, os danos e os custos persoais e sociais relacionados coas drogas, sobre a posibilidade real de evitalos e a importancia de que a sociedade no seu conxunto sexa parte activa na súa solución. Trátase tamén de aumentar as capacidades e habilidades persoais de resistencia á oferta de drogas e ós determinantes dos comportamentos problemáticos relacionados coas mesmas mediante a aplicación de programas acreditados de prevención universal, selectiva e indicada nos ámbitos familiar, educativo e extraescolar, mellorando a capacitación dos axentes implicados, especialmente no desenvolvemento de factores de protección fronte ó consumo de drogas, a detección precoz e a abordaxe dos primeiros consumos.

TERCEIRA.- A descrición detallada dos cursos de prevención que se impartirán no marco deste Programa figura nas respectivas FICHAS que se xuntan como Anexo ó Convenio e nas que se conteñen a súa xustificación, obxectivos específicos, destinatarios/as, metodoloxía, duración, contidos e custo de cada un.

CUARTA.- As entidades sociais colaboradoras comprométense a:

- Que as actividades sexan impartidas por técnicos/as especialistas en PREVENCIÓN de drogodependencias. Poderán contratar a cantas persoas crean adecuadas para a correcta execución das actividades, suxeitándose ás condicións laborais aplicables.
- Someterse á lexislación vixente en materia sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Programa, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.
- Cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

QUINTA.- O Concello de Vigo comprométese a conceder directamente ás entidades colaboradoras unha subvención para financiar o custo das actividades de PREVENCIÓN que leven a cabo. A achega municipal será de 106.800€ e poderá imputarse á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.18 (“Convenio Entidades PLDA”) e, de ser o caso, á súa bolsa de vinculación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

SEXTA.- O Concello de Vigo non asume ningún outro compromiso distinto dos recollidos expresamente neste convenio. O persoal adscrito polas entidades participantes á súa execución en ningún caso terá vinculación xurídico-laboral con esta Administración.

SÉTIMA.- Para o caso de que durante a vixencia do Convenio se chegase a contar con financiamento adicional doutras Administracións e en función da demanda existente, poderase incrementar o número de actividades/cursos inicialmente previsto; o que deberá recollerse nunha *Addenda*, na que tamén se incluírá a información relativa ás entidades organizadoras, custo unitario, destinatarios/as, etc., que deberá ser obxecto de aprobación polo órgano resolutorio competente.

OITAVA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

1. O primeiro 50% da achega anual (53.400€) aboarase á sinatura do Convenio.
2. Efectuarase un segundo pagamento polo importe (a maiores dese 50%) correspondente ás actividades realizadas e xustificadas polas entidades a 30.06.2025. Este pagamento intermedio resulta necesario para poder xustificar en prazo a subvención anual que concede a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades ou agrupacións de concellos para o período 2022 - 2025 ¹.
3. Un pagamento final, polo importe restante, unha vez xustificada a realización ou previsión de realización de todas as actividades programadas. En todo caso, esta xustificación final presentarse antes do 1 de novembro de 2025.

Estes pagamentos realizaranse de acordo coa previsión de actividades a desenvolver por cada unha das entidades participantes. Deste xeito, as cantidades correspondentes ó 50% de cada pagamento quedan do seguinte xeito:

ENTIDADE	PROGRAMA	N.º OBRADOI-ROS	CUSTO UNITARIO	IMPORTE TOTAL	ENTIDADE 50%
AMAINA-ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN DA SAÚDE	“NON PASA NADA, PASA ALGO?-2º ESO”	56	300 €	16.800€	AMAINA
	“ACTIVA”	2	900 €	1.8000 €	
				18.600 €	
ÉRGUETE-ASOCIACIÓN DE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS	“INFORMACIÓN-SENSIBILIZACIÓN- 6º EDUCACIÓN PRIMARIA”	60	300 €	18.000 €	ÉRGUETE
	“NON PASA NADA,	47	300 €	14.100 €	

¹ ORDE do 21 de xullo de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria (DOG n.º 153, do 11.08.2022).

	PASA ALGO?-1º ESO				
	“MÁIS QUE UN TEITO”	55	125 €	6.875 €	
	“FORMACIÓN DE MEDIADORES SOCIAIS EN PREVENCIÓN”	10	900 €	9.000 €	
	“INFORMACIÓN-SENSIBILIZACIÓN EN CLUBES DEPORTIVOS”	5	125 €	625 €	
				48.600 €	24.300 €
ALBORADA-ASOCIACIÓN CIUDADANA DE LUCHA CONTRA LA DROGA	“NON PASA NADA, PASA ALGO?-3º ESO”	55	300 €	16.500€	ALBORADA
	“NON PASA NADA, PASA ALGO?-4º ESO”	43	300 €	12.900 €	
	“ODISEA”	34	300 €	10.200€	
				39.600 €	19.800 €
IMPORTE ANUAL CONVENIO				106.800 €	(50%) 53.400€

NOVENA.- De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías. Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que as entidades presenten previamente unha declaración responsable de non están incursas en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

DÉCIMA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do Convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, as beneficiarias deberán comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

DÉCIMO SEGUNDA.- Se o custo total das actividades subvencionadas resultase ser menor que o contemplado para a concesión das subvencións ou se reducisen na execución das actividades subvencionadas as actuacións ou elementos previstos como integrantes das mesmas, procederá a redución das subvencións na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

DÉCIMO TERCEIRA.- As entidades están obrigadas a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas (Art. 14.2 LPACAP) e deberán presentar a través da sede electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>), por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela, unha Memoria xustificativa das actividades desenvolvidas, que incluíra a relación detallada das actividades impartidas por cada unha delas, debidamente asinada pola persoa responsable do Centro nas que se realizaron, segundo o modelo que se lles facilitará.

DÉCIMO CUARTA.- Sen prexuízo do anterior, a axeitada xustificación das subvencións, a realización das actividades subvencionadas e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada sempre polos servizos da Concellería de Política Social (CEDRO-PLDA). O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, de ser o caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida as actividades subvencionadas.

DÉCIMO QUINTA.- Antes de proceder ó pagamento das subvencións, as beneficiarias deberán acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedoras por resolución de procedencia de reintegro, o que poderán realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEXTA.- As beneficiarias deberán facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento das subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento se traduza nunha diminución significativa das actividades subvencionadas, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro das subvencións na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso das subvencións sobre o custo das actividades subvencionadas.

DÉCIMO OITAVA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes e surtirá efectos desde o 01.01.2025. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será dun (1) ano.

DÉCIMO NOVENA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e instrumentarase mediante a correspondente *Addenda*.

VIXÉSIMA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Como mecanismo de coordinación e, de ser o caso, de solución de eventuais controversias, créase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas propios do convenio. Estará composta por un representante de cada entidade social e un número igual de técnicos municipais da Área de Benestar Social – CEDRO e presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área. Establecerá de común acordo as súas normas de funcionamento e corresponderánlle, entre outras, as seguintes funcións:

- 1) Velar polo correcto desenvolvemento do programa de prevención e as necesidades que poidan xurdir na implementación do mesmo.
- 2) Avaliar o cumprimento dos obxectivos propostos e, en xeral, da colaboración establecida.
- 3) Resolver as cuestións e controversias que poidan xurdir na execución do convenio.

Sen prexuízo da intervención previa desa Comisión mixta de Seguimento, as cuestións relativas á súa formalización, cumprimento, interpretación, efectos e extinción serán dilucidadas, en última instancia, polos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer as beneficiarias da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMO TERCEIRA.- Para o caso de que as entidades participantes realicen algún tipo de publicidade ou difusión das actividades do Programa, deberán dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política Social e da Consellería de Sanidade.

VIXÉSIMO CUARTA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos das entidades beneficiarias e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social.

A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación das actividades subvencionadas e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións. Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cum-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

primento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMO QUINTA.- A concesión das subvencións obxecto deste Convenio rexeráse pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais, o vixente Plan Estratéxico de Subvencións (PES) e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento na data expresada no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno local, dou fe.

6(216).- RESOLUCIÓN DE RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA A APROBACIÓN DAS BASES DO «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES PARA LIBROS E COMEDOR 2025-2026» . EXPTE. 280076/301.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 19/03/2025, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social, e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 14.02.2025, acordou aprobar as «BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2025-2026», elaboradas polo Servizo de Benestar social do Concello de Vigo (Exp. nº 277291/301). Bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 42, do 03.03.2025.

I.2. Contra estas Bases e as resolucións administrativas adoptadas na súa execución podía interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-

administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos cóntanse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais (Base Décimo cuarta: “*Reclamacións*”).

I.3. Contra ese acordo da Xunta de Goberno local aprobatorio das Bases e convocatoria das axudas municipais escolares, D. Manuel Paz Gestoso (DNI n.º ****1017**) deduciu en prazo e forma recurso potestativo de reposición, co contido que será obxecto de análise neste informe-proposta.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- «BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2025-2026»
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. O recurso potestativo de reposición presentado por D. Manuel Paz Gestoso diríxese contra o precitado acordo da Xunta de Goberno Local do 14.02.2025, polo que se aprobaron as Bases e a convocatoria do Programa de «AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2025-2026»; publicadas no BOPPO nº 42, do 03.03.2025.

III.2. O escrito de recurso cumpre cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade e diríxese fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 112, 123 e ccdtes.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

LPACAP), solicitando a estimación do recurso e que se modifiquen as Bases no sentido pretendido polo recorrente:

“...que la Declaración de IRPF que se debe solicitar es la última cuyo plazo de presentación ha finalizado en el momento de apertura del plazo de solicitudes, es decir la de 2023. De lo contrario las bases tendrán un contenido imposible siendo nulas de pleno derecho de acuerdo con el mencionado art 47.1.c de la Ley 39/2015 de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, además de la inseguridad jurídica producida al no poder saber a la apertura del plazo de solicitudes si los solicitantes cumplen o no los requisitos”.

III.3. De acordo co disposto no Art. 124.2 da LPACAP, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se produciise a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 24.1 LPACAP) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de ditar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 21.1 LPACAP).

III.4. Examinado o seu contido propónse á Xunta de Goberno Local desestimar o recurso potestativo de reposición do Sr. Paz Gestoso polas seguintes razóns:

1) Unha interpretación literal das Bases, desprovista da necesaria información sobre a mecánica do proceso de tramitación administrativa das axudas escolares municipais, podería levar á conclusión de que obrígase a presentar un documento (a declaración de IRPF do exercicio anterior) que, por razóns temporais, non é posible obter no prazo de presentación das mesmas. A Base Sétima establece efectivamente que, xunto coa solicitude, achegarase a “*Declaración de IRPF do último exercicio de todos os membros da unidade familiar*”, pero aclárase inmediatamente a continuación que esta documentación (ó igual que a relativa ós ingresos percibidos en 2024 en concepto de pensións da Seguridade Social, subsidio de desemprego, RISGA, etc.) só deben presentala as persoas solicitantes que non autoricen ó Concello de Vigo para obter directamente os documentos e certificados necesarios doutras Administracións Públicas. Como dato relevante, indicar que na última convocatoria destas axudas (curso escolar 2024-2025) o **95%** das solicitudes incluían esa autorización expresa ó Concello de Vigo.

2) De existir tal autorización, os datos correspondentes á declaración do IRPF do exercicio de 2024 serán incorporados directamente polo propio Concello de Vigo ós seus respectivos expedientes **cando a AEAT os facilite**. De non existir esa autorización, o Servizo de Benestar Social requirirálles formalmente a súa achega ós/ás solicitantes, pero **só no momento en que efectivamente estean dispoñibles por parte da AEAT**.

3) Nun e noutro caso, todas as solicitudes presentadas no prazo fixado (05.03.2025 – 02.04.2025) iranse xa procesando e tramitando polo Servizo de Benestar Social, á espera da posterior incorporación deses datos económicos de IRPF; o que debería permitir, cos medios persoais axeitados, resolver a convocatoria de axudas para o curso escolar 2025-2026 arredor das datas de inicio do mesmo, evitando así os retrasos padecidos nas anteriores. Ningunha indefensión, inseguridade ou prexuízo ocasiónase, polo tanto, ós/ás solicitantes nin concorre a causa de nulidade de pleno Dereito invogada no recurso (Art. 47.1.c) LPACAP).

4) Sí tería razón na súa crítica o recorrente se as solicitudes fosen rexeitadas polo Concello de Vigo por non achegar xunto con elas a documentación relativa ó IRPF do exercicio de 2024; non dispoñible, en efecto,

na data de terminación do prazo de solicitudes das axudas municipais 2025-2026 (02.04.2025). Nesa hipótese, cabería argumentar validamente que se estaría a esixir a achega dun “*documento imposible de presentar por el solicitante*”. Pero, como acabamos de indicar, non é ese o caso senón, xustamente, o contrario: o que se pretende é avanzar na súa tramitación, realizando xa o órgano instructor a comprobación dos requisitos da Base Sexta (empadroamento, convivencia, matrícula en centros públicos/concertados, etc.) e os requirimentos de mellora ou emenda das solicitudes que procedan, sen que a achega posterior da documentación da AEAT teña os efectos de paralizar un longo e complexo proceso como este no que, para cada curso escolar, estáanse a resolver arredor de 4.000 solicitudes de bolsas de comedor, distribuídas en 69 colexios da cidade e de 1.500 de axudas de libros e material escolar en educación infantil.

5) O recorrente considera tamén que existiría inseguridade xurídica “*al no poder saber a la apertura del plazo de solicitudes si los solicitantes cumplen o no los requisitos*”. Entendemos que estase a referir ós requisitos económicos, pero o certo é que as Bases conteñen a información precisa para que as persoas solicitantes poidan comprobar se os ingresos da súa unidade familiar superan ou non os importes máximos establecidos nelas. En concreto, na Base Sexta inclúese a seguinte Táboa:

UNIDADE FAMILIAR	IMPORTE MÁXIMO MENSUAL	IMPORTE MÁXIMO ANUAL
3	1.407,60€	16.891,20€
4	1.876,80€	22.521,60€
5	2.346,00€	28.152,00€
6	2.815,20€	33.782,40€
7	3.284,40€	39.412,80€
8	3.753,60€	45.043,20€
9	4.222,80€	50.673,60€
10	4.692,00€	56.304,00€

Cuestión distinta é a acreditación documental deses ingresos coa achega, de ser o caso, dos datos correspondentes á declaración de IRPF de 2024 que, reiteramos, serán incorporados no momento en que estean dispoñibles, ben de oficio polo Concello de Vigo ou ben polas propias persoas interesadas, a requirimento municipal.

6) Con pleno respecto ó que fagan outras Admóns. públicas, consideramos que é máis xusto ter en conta os datos económicos máis recentes das unidades familiares solicitantes e non, como propón o recorrente, os que figuren nas declaracións de IRPF de 2023 pois, neste suposto, estaríanse a resolver en 2025 solicitudes de axudas municipais escolares con datos económicos antigos correspondentes ó ano 2022, que non teñen por qué corresponderse coa verdadeira situación económica das familias que as solicitan neste ano 2025.

7) Precisamente, coa finalidade de que os datos económicos considerados na resolución destas axudas escolares reflectan a situación real das familias ó tempo de presentar e resolver as solicitudes, as propias Bases prevén que, aínda que con carácter xeral as solicitudes valoraranse tendo en conta a renda do ano 2024 das unidades familiares de convivencia, no caso de acreditar unha deterioración da súa capacidade económica, no sentido indicado na Base sexta, a renda considerada sería entón a correspondente ó primeiro trimestre do ano 2025 (Base Décima); o que resulta congruente coa finalidade destas axudas de apoiar ás



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

familias que, por insuficiencia de recursos económicos, non poden afrontar o custo do servizo de comedor ou dos gastos en libros e material escolar.

Lamentamos que a resposta á súa consulta sobre esta cuestión, enviada o 05.03.2025 por correo electrónico desde o Servizo de Benestar Social, non fose satisfactoria. En todo caso, agradecemos e tomamos nota da suxestión contida no seu escrito de recurso e, sen prexuízo do exposto anteriormente sobre a conveniencia de que os datos económicos considerados sexan ós do ano anterior á convocatoria e resolución destas axudas, analizarase a posibilidade de introducir no texto das Bases para o próximo curso escolar unha aclaración complementaria que despexe calquera dúbida que ó respecto se poida plantexar.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os Arts. 112-119 e 123-124 da LPACAP, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Desestimar o recurso potestativo de reposición presentado en data 05.03.2025 por D. Manuel Paz Gestoso (DNI n.º ****1017**) contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 14.02.2025, polo que se aprobaron as Bases e a convocatoria do Programa de «AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2025-2026»; publicadas no BOPPO nº 42, do 03.03.2025, polos motivos expostos no informe-proposta transcrito na parte positiva deste acordo.

SEGUNDO: Notificar á persoa recorrente, con indicación de que contra a resolución dos recursos de reposición non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 125.1 da LPACAP, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación deste acordo».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(217).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA, ACONDICIONAMENTO, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO INTEGRAL DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS DE BEADE, BEMBRIVE, CABRAL, LAVADORES, PEREIRÓ, TEIS E ZAMÁNS. EXPTE. 13543/255.

Visto o informe xurídico do 14/03/2025 e o informe de fiscalización do 19/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- Antecedentes de feito

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión do 10/05/2024, aprobou a segunda (última) prorroga anual, para o período comprendido do 16/11/2024 a 15/11/2025, do vixente contrato de servizos de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais: Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamáns do Concello de Vigo (expte.11979/255), adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local do 17/09/2020, a través de procedemento aberto, á UTE Xestión Ambiental de Contratas, S.L. e Naturgalia, S.L., constituída en documento público coa denominación de “UTE Cementerios Vigo Xestión Ambiental de Contratas, S.L. y Naturgalia, S.L., Ley 18/1982, de 26 de mayo (en abreviatura, UTE Cementerios Vigo)”, CIF U02635563, e formalizado o contrato en documento administrativo en data 04/11/2020.

O xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo o 16/12/2024, emite informe sobre a necesidade e idoneidade de efectuar un novo contrato administrativo para a prestación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais de Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamáns

A terceira tenente de alcalde e concelleira delegada da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística o 17/12/2024, ao abeiro do establecido no artigo 116.1., Disposición adicional segunda, apartado 4, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), acordo de delegación de competencia da Xunta de Goberno Local do 28/06/2024 (BOPPO, 10/07/2024), resolveu *“Iniciar o procedemento administrativo para a contratación dos servizos de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais de Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamáns do Concello de Vigo, e ordenar a redacción e incorporación ao expediente dos documentos que sinala o artigo 116 da LCSP e demais que legalmente procedan de conformidade coa citada norma”* (expte. 13543/255).

O xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, coa conformidade da concelleira delega de Medio Ambiente e da concelleira delegada da Área, redactou a memoria económica, o prego de prescricións técnicas particulares e a memoria xustificativa asinados dixitalmente o 17-18/02/2025, 07/02/2025 e 21/02/2025, respectivamente.

A Dirección Superior Contable e Orzamentación en data 19/02/2025, emitiu os documentos contables: RC 12025000016124 por un importe de 49.220,49 euros para o ano 2025 con cargo a aplicación 1640/2279900; RC_FUT 12025000016125 por un importe total 1.588.151,39 €, anos 2026 a 2029.

A técnica de administración xeral e a xefa do Servizo de Contratación redactaron o prego de cláusulas administrativas particulares, asinado dixitalmente o 25/02/2025.

II.- Fundamentos de dereito



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

a) Competencia municipal

O artigo 25.2.k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local establece como competencias propias dos municipios os “cemiterios e actividades funerarias”.

O Concello de Vigo é titular de oito cemiterios municipais: Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamáns.

O exercicio desta competencia coa prestación do servizo público esencial de “cemiterios” require a realización das tarefas de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral destes cemiterios municipais.

A Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística, en virtude das resolucións da alcaldía do 28/06/2024 (BOPPO 09/07/2024), ten atribuído competencias en materia de servizos funerarios e cemiterios no ámbito da competencia municipal.

Tamén, os orzamentos municipais reflicten a partida orzamentaria 1640.227.99.00 “Mantemento Xardíns Cemiterios” para facer fronte a gastos dos ditos servizos.

O Concello de Vigo, Servizo de Cemiterios, non dispón de persoal coa capacidade e profesionalidade precisos nin de medios técnicos para realizar os servizos de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais de Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamáns do Concello de Vigo, polo que é preciso a contratación destes servizos ao rematar o prazo contractual da actual adxudicataria o 15 de novembro de 2025.

a) Contratación dos servizos

De acordo co artigo 116 da LCSP a realización de contratos por parte das Administracións públicas requirirá da previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da Lei. Ao expediente incorporaranse o prego de cláusulas administrativas particulares, o de prescricións técnicas, certificado de existencia de crédito. Tamén, haberá de xustificarse axeitadamente a determinación que sinala o apartado 4 do citado precepto.

A documentación anteriormente citada incorporouse ao presente expediente de contratación tal e como se sinala nos antecedentes de feito deste informe.

O prego de cláusulas administrativas particulares regula un contrato administrativo de servizos cuxo obxecto é prestar o servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais de Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamáns, que prevé o artigo 17 e 25.1.a) da LCSP, suxeito a regulación harmonizada ao abeiro do artigo 22.1.b) da citada Lei e, por tanto, susceptible de recurso especial en materia de contratación.

O procedemento de adxudicación será o ABERTO e forma de tramitación a ORDINARIA conforme ó establecido no artigo 156 da LCSP.

O prazo de execución do contrato establécese en catro (4) anos, podendo prorrogarse por un ano máis, o que permite o artigo 29.4. da LCSP.

O contrato non se divide en lotes tal e como se xustifica na memoria xustificativa obrante no expediente.

Os criterios de valoración sinalados no PCAP, debidamente xustificados, para a adxudicación deste contrato sono por unha multiplicidade de criterios. Tendo en conta as peculiaridades do obxecto do contrato dáse máis preponderancia a aqueles criterios que tendo unha referencia directa co obxecto do contrato pódense valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de formulas concretas. Establécese a aplicación dun 60% dos criterios de adxudicación a criterios avaliábles a través de fórmula e un 40% a través de criterios avaliábles a través de xuízo de valor.

O orzamento do contrato xustifícase na memoria económica incorporada ó expediente e da cal resulta:

- o orzamento base de licitación é de 1.637.371,88 euros (IVE engadido),
- o IVE a soportar pola administración (21%) é de 284.171,98 euros,
- o valor estimado do contrato é de 1.699.831,93 euros,
- As anualidades orzamentarias previstas do contrato segundo a data de inicio establecida do 16/11/2025, son:

Ano 2025 do 16/11/2025 ó 31/12/2025	49.220,49 euros
Ano 2026	400.197,54 euros
Ano 2027.....	406.758,95 euros
Ano 2028	413.451,58 euros
Ano 2029 do 01/01/2029 ó 15/11/2029	367.743,32 euros

O gasto imputarase á partida orzamentaria 1640.227.99.00 "Mantemento Xardíns Cemiterios".

A Dirección Superior Contable e Orzamentación emitiu os correspondentes documentos contables.

O artigo 117 da LCSP establece que completado o expediente de contratación, ditarase resolución motiva polo órgano de contratación aprobando este e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

A aprobación do expediente de contratación e a adxudicación do contrato corresponderá á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación que é do Concello de Vigo (Disposición adicional segunda, apartado 4, da LCSP).

A aprobación do expediente de contratación irá precedido dos informes favorables da titular da Asesoría Xurídica e da Intervención municipal ao abeiro do disposto na Disposición adicional terceira, apartados 3 e 8, da LCSP.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

Polo exposto, unha vez emitidos os preceptivos informes da titular da Asesoría Xurídica e da Intervención xeral, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para a prestación do “servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais de Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamáns do Concello de Vigo, expte. 13543/255.”

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, asinado dixitalmente polo xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo o 7/02/2025, que ten incorporados os anexos I, II e III.

TERCEIRO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado dixitalmente pola técnica de administración xeral e pola xefa do Servizo de Contratación o 25/02/2025.

CUARTO.- Autorizar o gasto de 49.220,49€ (IVE 21% engadido) para o ano 2025 (período 16/11/2025 ó 31/12/2025), sendo o importe do gasto de 400.197,54€ (IVE 21% engadido) para o ano 2026, 406.758,95€ (IVE 21% engadido) para o ano 2027, 413.451,58€ (IVE 21% engadido) para o ano 2028, 367.743,32€ (IVE 21% engadido) para o ano 2029 (período 01/01/2029 ó 15/11/2029), subordinado á existencia do crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos ao abeiro do establecido no artigo 174 do Rdl 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, con cargo á partida orzamentaria 1640.227.99.00 “Mantemento Xardíns Cemiterios”. O Importe total do contrato é de 1.637.371,88€, IVE 21% engadido (1.353.199,90€ importe sen IVE e 284.171,98€ importe da cota do IVE).

QUINTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite ordinario conforme ao previsto na LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(218).-ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA LEPANTO”. EXPTE. 2067/441

Visto o informe de fiscalización de data 20/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta da Mesa de Contratación realizada o 20/03/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Humanización da rúa Lepanto” (2067-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Humanización da rúa Lepanto” (2067-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 8 de novembro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA LEPANTO”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Francisco Javier Zubía Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CENTO CORENTA E SEIS MIL SEISCENTOS OITENTA E SEIS EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (1.146.686,64 €), e con sinatura dixital de data 13 de xullo de 2023., segundo a seguinte distribución de anualidades:

2024	100.000,00 €
2025	1.046.686,64 €
TOTAL	1.146.686,64 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 07.10.2024.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN CENTO CORENTA E SEIS MIL SEISCENTOS OITENTA E SEIS EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (1.146.686,64 €)., sendo o importe correspondente ao IVE de 199.011,73 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.38 - proxecto de gasto 24153238 (Humanización Rúa Lepanto), provinte da modificación orzamentaria nº 11/2024, suplemento de crédito e crédito extraordinario (expediente 86/142), segundo a distribución de anualidades proposta:

2024	100.000,00 €
2025	1.046.686,64 €
TOTAL	1.146.686,64 €

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 1046,69.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 28 de xuño de 2024), o 27 de febreiro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non presentaron xustificación ningunha en prazo, consonte o informe asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Inversión da Área de Fomento de data 19 de febreiro de 2025:

1. NAROM, SL
2. ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, SL

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Lepanto" (2067-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	AVAN INTEGRAL, SL	97,65
2	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL	94,11
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA (COVSA)	92,65
4	ORECO BALGON, SA	91,91
5	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA	78,44

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AVAN INTEGRAL, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, AVAN INTEGRAL, SL, o día 28 de febreiro de 2025, que presenta a documentación requirida o 12 de marzo de 2025, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, xunto coa declaración de vixencia dos datos do rexistro, no que consta o obxecto social, o poder de representación e a clasificación. Asemade, figura no expediente o certificación de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que consta, entre outros, o certificado positivo de débedas coa ATRIGA.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación obrigatoria (Grupo G, subgrupo 6, categoría 2 e Grupo E, subgrupo 1, categoría 2) presentan a clasificación Grupo G, subgrupo 6, categoría 4 e Grupo E, subgrupo 1, categoría 3.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

- Seguro de caución por un importe de 43.341,91 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT e a TGSS.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 20 de marzo de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AVAN INTEGRAL, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AVAN INTEGRAL, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 3 e 27 de febreiro de 2025, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 28 de xuño de 2024), o 27 de febreiro de 2025, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que

se tivesen xustificado, porque non presentaron xustificación ningunha en prazo, consonte o informe asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Inversión da Área de Fomento de data 19 de febreiro de 2025.

Segundo.- Adxudicar a AVAN INTEGRAL, SL o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Humanización da rúa Lepanto” (2067-441) por un prezo total do contrato de 1.048.874,27 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 182.036,03 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(219).-SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE CONVENIO, COA ENTIDADE CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2024-2025 . EXPTE. 24500/333.

Visto o informe xurídico do 11/03/2025 e o informe de fiscalización do 25/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 03/03/2025, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e conformado polo concelleiro delegado, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

a.- Con data 28.02.25 a entidade Club Atletismo Femenino Celta presentou a través do rexistro xeral do Concello de Vigo (Doc.250045633) a solicitude de subvención polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2024-2025.

b.- Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

c.- Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

desenvolvemento de proxectos deportivos, entre os que se atopa o fomento ó deporte de alto nivel.

d.- Por outra banda, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, o Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026. Este plan inclúe entre outras cuestións, unha liña estratéxica orientada a fortalecer o apoio e a axuda ás entidades deportivas da cidade de Vigo polo desenvolvemento dos proxectos de actividade vinculados coa participación en competicións federadas de alto nivel.

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 25.000,00 € € prevista na partida orzamentaria 3410.4890003 a favor da entidade Club Atletismo Femenino Celta polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2024-2025.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de fomento da actividade colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Club Atletismo Femenino Celta conta cun equipo de elite na modalidade de Atletismo na categoría Liga Nacional de Clubs de Primeira División Feminina. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Liga Nacional de Clubs de Primeira División Feminina hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2024-2025, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Club Atletismo Femenino Celta e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da proposta responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio entre o Concello de Vigo e a entidade Club Atletismo Femenino Celta para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A Subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido na liña orientada á promoción do deporte de elite, a consolidar proxectos deportivos que sirvan de referencia para a xuventude deportista, colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

vigués para conseguir unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte, ou a consolidar a promoción da imaxe da cidade de Vigo no ámbito deportivo a nivel nacional.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Segundo.- Motivación

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4890003 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Club Atletismo Femenino Celta durante a tempada deportiva 2024-2025 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2025.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Terceiro.- Proposta

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión da subvención nominativa a favor da entidade deportiva Club Atletismo Femenino Celta para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2024-2025 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 25.000,00 € a favor da entidade Club Atletismo Femenino Celta co CIF: G36927689 e enderezo social en Pintor Colmeiro, 10, 1ºB, en Vigo CP (36211), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 24500-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4890003 do vixente orzamento.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE Club Atletismo Femenino Celta EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2024-2025 (EXPTE. 24500-333).

REUNIDOS

Dunha parte, Javier Pardo Espiñeira, segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024).

Doutra, Pedro Juncal Otero como presidente da entidade Club Atletismo Femenino Celta co CIF G36927689 e enderezo social en Pintor Colmeiro, 10, 1ºB (36211), en Vigo, en representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 24500-333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é subvencionar ó desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade Club Atletismo Femenino Celta durante a tempada 2024-2025. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría Liga Nacional de Clubs de Primeira División Femenina desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Club Atletismo Femenino Celta desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2024-2025.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Club Atletismo Femenino Celta impulsa e estimula a participación da mocidade no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Atletismo en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4890003 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 25.000,00 €, a favor da entidade deportiva Club Atletismo Femenino Celta.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade Club Atletismo Femenino Celta na tempada deportiva 2024-2025.

VI.- Que a entidade Club Atletismo Femenino Celta non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (Estado e CCAA) e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 24500-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o Club Atletismo Femenino Celta conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Club Atletismo Femenino Celta comprométese á promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltois dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Atletismo na tempada 2024-2025.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º.- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Club Atletismo Femenino Celta na tramitación das solicitudes relativas á realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Club Atletismo Femenino Celta (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Club Atletismo Femenino Celta unha subvención por importe de 25.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4890003 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadjuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2024-2025.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2024-2025 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartellaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2025 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2024-2025. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV, capítulo I, e arts 59, 65, 67, 68 y 69 do capítulo II da LXS e Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de novembro de 2025 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais.

A finalidade da súa recollida é a instrución e tramitación do procedemento de concesión desta subvención, así como o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa de aplicación, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto polo Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento e do Consello de 27 de abril de 2016 e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerase polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses. A súa modificación requirirá acordo unánime das partes asinantes.

Vixésima segunda.- En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extinguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime dos asinantes.
 - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

10(220).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE CONVENIO, COA ENTIDADE REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2024-2025 . EXPTE. 24501/333.

Visto o informe xurídico do 11/03/2025 e o informe de fiscalización do 25/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 05/03/2025, asinado polo xefe do Servizo de Deportes- Director deportivo e conformado polo concelleiro delegado, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

a.- Con data 28.01.25 a entidade RC CELTA ATLETISMO presentou a través do rexistro xeral do Concello de Vigo (Doc.250045576) a solicitude de subvención polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2024-2025.

b.- Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

c.- Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un "Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo". Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como "cidade do deporte", inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos, entre os que se atopa o fomento ó deporte de alto nivel.

d.- Por outra banda, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, o Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026. Este plan inclúe entre outras cuestións, unha liña estratéxica orientada a fortalecer o apoio e a axuda ás entidades deportivas da cidade de Vigo polo desenvolvemento dos proxectos de actividade vinculados coa participación en competicións federadas de alto nivel.

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 25.000,00 € € prevista na partida orzamentaria 3410.4890004 a favor da entidade RC CELTA ATLETISMO polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2024-2025.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de fomento da actividade colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva RC CELTA ATLETISMO conta cun equipo de elite na modalidade de Atletismo na categoría Liga Nacional de Clubs de Primeira División Masculina. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Liga Nacional de Clubs de Primeira División Masculina hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2024-2025, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade RC CELTA ATLETISMO e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da proposta responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio entre o Concello de Vigo e a entidade RC CELTA ATLET. para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A Subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido na liña orientada á promoción do deporte de elite, a consolidar proxectos deportivos que sirvan de referencia para a xuventude deportista, colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para conseguir unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de

rendemento e os sistemas de iniciación do deporte, ou a consolidar a promoción da imaxe da cidade de Vigo no ámbito deportivo a nivel nacional.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Segundo.- Motivación

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4890004 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade RC CELTA ATLET. durante a tempada deportiva 2024-2025 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2025.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Terceiro.- Proposta

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión da subvención nominativa a favor da entidade deportiva RC CELTA ATLETISMO para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2024-2025 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 25.000,00 € a favor da entidade RC CELTA ATLETISMO co CIF: G36945319 e enderezo social en Rúa Pintor Colmeiro, 10, 1ºB, en Vigo CP (36211), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 24501-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4890004 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE RC CELTA ATLETISMO EN BASE
Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE
CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2024-2025 (EXPTE. 24501-333).

REUNIDOS

Dunha parte, Javier Pardo Espiñeira, segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024).

Doutra, José Ángel Serantes Arias, como presidente/a da entidade RC CELTA ATLETISMO co CIF G36945319 e enderezo social en Rúa Pintor Colmeiro, 10, 1ºB, (36211), en Vigo, en representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 24501-333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é subvencionar ó desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade RC CELTA ATLET. durante a tempada 2024-2025. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría Liga Nacional de Clubs de Primeira División Masculina desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade RC CELTA ATLETISMO desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2024-2025.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade RC CELTA ATLET. impulsa e estimula a participación da mocidade no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do ATLETISMO en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4890004 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 25.000,00 €, a favor da entidade deportiva RC CELTA ATLETISMO.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade RC CELTA ATLETISMO na tempada deportiva 2024-2025.

VI.- Que a entidade RC CELTA ATLETISMO non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (Estado e CCAA) e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 24501-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o RC CELTA ATLETISMO conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade RC CELTA ATLETISMO comprométese á promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Atletismo na tempada 2024-2025.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º.- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º.- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade RC CELTA ATLETISMO na tramitación das solicitudes relativas á realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade RC CELTA ATLETISMO (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade RC CELTA ATLETISMO unha subvención por importe de 25.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4890004 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2024-2025.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2024-2025 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a

diferencia de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2025 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.,) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2024-2025. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV, capítulo I, e arts 59, 65, 67, 68 y 69 do capítulo II da LXS e Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de novembro de 2025 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais.

A finalidade da súa recollida é a instrución e tramitación do procedemento de concesión desta subvención, así como o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa de aplicación, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto polo Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento e do Consello de 27 de abril de 2016 e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerase polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo.- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses. A súa modificación requirirá acordo unánime das partes asinantes.

Vixésima segunda.- En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime dos asinantes.
 - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
 - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
 - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

11(221).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO (LOTE XII) EXPTE. 21377/77.

Visto o informe xurídico do 19/03/2025 e o informe de fiscalización do 20/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 06/03/2025, asinado pola xefa de Participación cidadá e Desenvolvemento Local e conformado polo concelleiro-delegado de Emprego, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

I. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 12 de abril de 2024, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a NORFORMACIÓN, S.L. o LOTE XII do procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (19756-77) coas seguintes condicións:

a) O prezo total do contrato é de 9.000,00 euros (IVE exento).

b) Propón como porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP para o LOTE 12: 22,50 %

c) Aporta unha experiencia acreditable do persoal docente na impartición de cursos ou módulos do catálogo da formación profesional para o emprego da familia profesional e, no seu caso, área profesional relacionada coa acción formativa a impartir, atendendo ao número de horas impartidas (marcar unha das seguintes opcións se é o caso): De 201 a 400 horas.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

II. Con data 09/05/2024, a Concelleira delegada de Contratación asinou o contrato do Lote XII: CURSO DE SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL co representante da entidade mercantil NORFORMACIÓN, S.L..

Segundo o disposto no apartado 7.3 do PCAP estes contratos poderán ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedando exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fose inferior a dous meses.

O apartado 4.C das FEC prevé unha (1) prórroga de un (1) ano de duración e a cláusula catro do contrato dispón que o prazo de duración do contrato é de 1 ano, contado a partir do día seguinte ao da sinatura do mesmo pola Concelleira delegada de Contratación, prevéndose 1 prórroga de un ano de duración.

O contrato foi formalizado con data 09/05/2024 iniciándose a súa execución ao día seguinte (10/05/2024), polo que, o seu prazo finalizará o 09/05/2025.

III. De acordo co disposto no artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e conforme á previsión contida nos pregos e demais documentación do contrato,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

considerase preciso dar inicio ao expediente para efectuar a prórroga de un (1) ano do contrato, durante o período comprendido entre o 10/05/2025 – 09/05/2026.

IV. A través da notificación co número de saída 6204-2025-1, recibida o 20/01/2025, se comunicou á adxudicataria o preaviso da prórroga do contrato.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), dispón que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. Segundo o disposto no dito precepto, a prórroga acordarase polo órgano de contratación sendo obrigatoria para o empresario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Así mesmo, o apartado 7.3 do PAC dispón que o poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

A través da notificación co número de saída 6204-2025-1, recibida o 20/01/2025, se comunicou á adxudicataria o preaviso da prórroga do contrato coa antelación mínima exixida no citado artigo 29.2 da Lei 9/2017 e apartado 7.3 do PAC.

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato dispón, na cláusula 7.1, que o prazo do contrato será o establecido no apartado 4.A das Follas de Características do Contrato (FEC), o cal contempla un prazo de un ano. Deste xeito, téndose iniciado a execución a partir do día seguinte á súa formalización (09/05/2024), con data 10/05/2024, o seu prazo finalizará o vindeiro 09/05/2025.

En relación co anterior, no apartado 4.C FEC, se prevé unha prórroga dun ano de duración.

II. Na actualidade, o servizo de Formación para o Emprego (Lote XII) se desenvolve conforme o disposto no prego de condicións técnicas.

III. Durante o período de duración da prórroga, atendendo ao disposto no artigo 29.2 da LCSP, as características do contrato permanecerán inalterables.

IV. A prórroga do contrato terá un importe de 9.000,00 € (IVE exento) e se imputará á aplicación orzamentaria 2410 2279913 “FORMACIÓN PROGRAMAS DE EMPREGO”, quedando distribuído o prezo para o período 10/05/2025 – 09/05/2026, nas anualidades que se indican de seguido:

Exercicio	Importe
2025	5.782,26 €

2026	3.217,74 €
TOTAL	9.000,00 €

V. Debido á necesidade de garantir a prestación do servizo faise necesario tramitar a prórroga do contrato servizo de Formación para o Emprego (Lote XII) (expte. 19756/77).

VI. A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este mesmo tipo de actividade en anos anteriores e, polo tanto, se encadra na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos."

VI. O órgano competente para acordar a prórroga dos contratos é a Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP).

Á vista do exposto anteriormente e das competencias atribuídas pola vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolución da Alcaldía do 19 de xuño de 2023 aprobando a Estrutura da Administración do Concello de Vigo, Resolución de Alcaldía de 21 de xuño de 2023 aprobando a delegación de competencias xenéricas nos concelleiros de Área de Goberno e concelleiros delegados, e acordos da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2023 aprobando a "Delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias) e do 28 de xuño de 2024, e conforme ao establecido no artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, na cláusula 7ª do Prego de Cláusulas Administrativas e nos apartados 4.A e 4.C das FEC do contrato, atendendo ás necesidades expostas, e previo informe de Intervención, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, a aprobación do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: Autoriza-la prórroga de UN ANO do contrato de servizo de Formación para o Emprego (Lote XII *CURSO DE SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL*) (expte. 19756/77) adxudicado a NORFORMACIÓN, SL (B36343218) por acordo de Xunta de Goberno Local do 12 de abril de 2024, para o período comprendido entre 10/05/2025 – 09/05/2026, polo importe de 9.000,00 €, e se imputará á aplicación orzamentaria 2410 2279913 "FORMACIÓN PROGRAMAS DE EMPREGO", manténdose inalterables, no período de prórroga, as características do contrato.

SEGUNDO: Autorizar e comprometer o gasto da prórroga do contrato, de acordo co disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, polo importe total de 9.000,00 €.

Aprobar o gasto do exercicio corrente 2025 por importe de 5.782,26 €, e asumir o compromiso de incluír nos orzamentos do exercicios futuros o crédito necesario para facer fronte ao gasto de 3.217,74 € no exercicio 2026.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativo. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(222).-ABOAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA CELEBRACIÓN DA CABALGATA DE REIS 2025 NO IFEVI. EXPTE. 10359/335.

Visto o informe de fiscalización do 18/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 06/03/2025, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria (LGP)
- Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (RD 424/2017)
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora da facenda local (LRHL)

ANTECEDENTES

Primeiro.- O servizo de Festas da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal ten previsto entre as súas actividades de carácter sociocultural a organización da “Cabalgata de Reis”. O desfile da cabalgata de Reis 2025 se celebrou na nosa cidade o día 5 de xaneiro.

Segundo.- En data 3 de xaneiro de 2025, a Concelleira da área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, ante a previsión meteorolóxica de choiva intensa para o día de celebración do desfile da cabalgata que obrigaba a suspensión da mesma, dirixe un oficio á xerencia do Instituto Ferial de Vigo (IFEVI)

solicitándolle a cesión en uso dos pavillóns 1, 2, 3 e 4 así como os vestiarios para instalar a cabalgata estática o citado día 5.

Terceiro.- O IFEVI, en data 3 de xaneiro de 2025 comunica ao Concello *“que poderán dispoñer dos pavillóns 1, 2, 3 e 4, así como os vestiarios durante o día 4 de xaneiro (montaxe), día 5 de xaneiro (evento) e días 6, 7, 8 e 9 de xaneiro (desmontaxe) para o desenvolvemento da Cabalgata de Reis 2025. Así mesmo, achégase o orzamento dos gastos no capítulo de consumos e servizos que poida orixinar dito evento. Significándolle que aos espazos solicitados non se lles será imputado ningún gasto”*.

Cuarto.- En data 22 de xaneiro de 2025, IFEVI, presenta unha factura proforma dos consumos e servizos asociados ao uso dos citados pavillóns con motivo do evento que ascende a 17.206 euros, IVE incluído.

Quinto.- Con data 29 de xaneiro de 2025, o responsable do contrato, presenta informe no Rexistro Xeral deste Concello acreditando a veracidade dos gastos reclamados.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Da organización da cabalgata de Reis

O servizo de Festas pertencente á Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal ten encomendadas entre as súas actividades de carácter sociocultural a organización da “Cabalgata de Reis 2025”, que se celebrou na nosa cidade o día 5 de xaneiro de 2025. A Cabalgata consiste nunha comitiva de carrozas nas que estarán as persoas que representan aos Reis Magos, Paxes e Carteiro/a Real, así como diversas empresas colaboradoras e animacións.

Esta actividade enmarcase nunha materia competencia propia do Concello, a promoción da cultura e equipamentos culturais, recollida nos artigos 25.2. m da LBRL, e o 80.2. n) da LALGA (actividades culturais).

A cabalgata de Reis estaba previsto que se situase de forma estática na Avenida de Castelao durante a mañá do 5 de xaneiro. Pola tarde do mesmo día estaba previsto o desfile da comitiva dende o emprazamento da cabalgata estática ata o Concello. No entanto, a previsión meteorolóxica para o día da celebración do evento impedía a celebración tanto da cabalgata estática como do desfile. Para evitar a cancelación do evento, en data 3 de xaneiro de 2025, a Concelleira da área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, dirixe un oficio á xerencia do Instituto Ferial de Vigo (IFEVI) solicitándolle a cesión en uso dos pavillóns 1, 2, 3 e 4 así como os vestiarios para instalar a cabalgata estática o citado día 5.

O IFEVI cedeu o uso dos pavillóns solicitados de xeito gratuíto máis solicitou o abono dos gastos correspondentes ao subministro de auga, electricidade, calefacción así como dos servizos de seguridade e limpeza.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

-II-

Do aboamento do gasto

O primeiro presuposto para realizar un gasto por unha administración pública é a existencia dunha necesidade pública que esta deba satisfacer por ser da súa competencia, circunstancia que concorre no presente suposto, que se enmarca dentro das competencias de promoción da cultura ou actividades culturais (artigos 25.2. m da LBRL, e o 80.2. n) da LALGA).

A LGP regula nos artigos 73 e seguintes o procedemento de xestión de gastos, establecendo a procedemento xeral e unha serie de procedementos especiais.

O procedemento de xestión de gastos require as seguintes fases (artigo 73LGP):

- Aprobación do gasto.
- Compromiso de gasto.
- Recoñecemento da obriga.
- Ordenación do pagamento.
- Pago.

No caso que nos ocupa, dada a premura coa que tivo que cambiarse o lugar de celebración da Cabalgata de Reis non foi posible a celebración dun convenio entre Administracións, conforme ao previsto na LRJSP para a cesión do espazo onde desenvolveuse o evento e a previa autorización do gasto.

Máis unha vez celebrado o evento nas instalacións do IFEVI, é preciso compensarlle polos gastos que lle ocasionou o mesmo, e que xa foron solicitados no documento de cesión do uso dos pavillóns.

O gasto se desgrega nos seguintes conceptos (sen IVE):

- ELECTRICIDADE: 4.344,40
- AGUA: 392,06
- CALEFACCIÓN: 4.312,13
- SEGURIDADE: 2.275,00
- LIMPEZA: 2.896,41

Engadido o IVE correspondente, que ascende a 2.986,20 euros, o importe total é de 17.206,20 €.

A falla de aboamento deste gasto implicaría o enriquecemento inxusto desta Administración.

A reclamación de enriquecemento inxusto é unha figura xurídica creada pola doutrina xurisprudencial, inicialmente no eido do dereito civil, se ben na actualidade é incontestable a súa aplicación no ámbito do dereito administrativo. Ten por obxecto reclamar o beneficio obtido por unha persoa física ou xurídica a costa do empobrecemento doutra, sen xustificación legal ningunha. Os seus requisitos son:

1. O empobrecemento dun suxeito.
2. O correlativo enriquecemento de outro.

3. Unha relación causal entre o empobrecemento do primeiro e o enriquecemento do segundo, de forma que este sea efecto daquel.
4. A falta de causa o de xustificación tanto do enriquecemento como do correlativo empobrecemento.

Estes requisitos aparecen recollidos na Sentenza nº: 00033/2021, da Sala De Lo Contencioso Administrativo Do Tribunal Superior De Justicia De Castilla Y León, SECCION 1ª, de data 26/02/2021, que no seu fundamento xurídico primeiro determina que:

“Procede así recordar la jurisprudencia que ha estudiado requisitos del principio que prohíbe el enriquecimiento injusto y que concurren al caso de forma palmaria; por todas, la Stc de la Sala Tercera del TS de fecha 11/05/04 dice: "Desde la citada sentencia de referencia de 28 de enero de 1956, según la doctrina de la Sala Primera y de esta misma Sala, pueden considerarse como requisitos para la procedencia de la acción de enriquecimiento injusto o sin causa los siguientes:

a) El enriquecimiento o aumento del patrimonio del enriquecido, constituido por cualquier ventaja o atribución patrimonial abocada a producir efectos definitivos.

b) El empobrecimiento de quien reclama o de aquel en cuyo nombre se reclama, pecuniariamente apreciable, aunque entendido en su más amplio sentido, siempre que no provenga directamente del comportamiento de quien lo sufre.

c) La relación causal entre el empobrecimiento y el enriquecimiento, de forma que éste sea el efecto de aquél. O, dicho en otros términos, que al enriquecimiento siga un correlativo empobrecimiento.

d) La falta de causa o de justificación del enriquecimiento y del correlativo empobrecimiento."

O responsable dos contratos relativos á Cabalgata de Reis, informa da veracidade dos gastos reclamados. Queda acreditado polo tanto o empobrecemento do IFEVI así como o eventual enriquecemento do Concello se non se procede ao aboamento dos mesmos. Existe unha relación de causalidade entre o empobrecemento do IFEVI ao ter satisfeito determinados gastos para a celebración dunha actividade municipal e o enriquecemento do Concello, que é a celebración da cabalgata de Reis 2025 nas instalacións do primeiro.

Non hai unha xustificación para que o IFEVI teña que soportar os custes da celebración dunha actividade cultural do Concello.

En consecuencia, acreditados os gastos reclamados e comprobada a súa correspondencia co escrito de cesión presentado polo IFEVI, procede o seu aboamento.

-III- Recursos

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

Alternativamente, con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición.

De conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

-IV-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local, previa fiscalización da Intervención Xeral (artigo 28 RD 424/2017).

-V-

Proposta de acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“Aboar ao IFEVI, con cargo á aplicación orzamentaria 3380.2260901 (Cabalgata de Reis), a factura por importe de 17.206,20 euros presentada no Rexistro Xeral deste Concello o día 22 de xaneiro de 2025, polos gastos que lle xerou a cesión dos pavillóns 1, 2, 3 e 4, así como os vestiarios durante o día 4 de xaneiro (montaxe), día 5 de xaneiro (evento) e días 6, 7, 8 e 9 de xaneiro (desmontaxe) para o desenrolo da Cabalgata de Reis 2025, polas razóns expostas no fundamento xurídico II deste informe”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(223).-RESOLUCIÓN DE RECURSOS INTERPOSTOS CONTRA AS BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE PROCESOS SELECTIVOS PARA A COBERTURA DE PRAZAS VACANTES: OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO ANOS 2020, 2021 E 2022 (3ª FASE DA CONVOCATORIA). EXPTE. 45808/220.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/03/2025, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 17/01/2025 aprobáronse a convocatoria e as bases específicas dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes ao anos 2020, 2021 e 2022 (3ª fase) integrada polas prazas seguintes:

PERSOAL FUNCIONARIO

Analista informático
Economista
Enxeñeiro/a de Camións
Enxeñeiro/a Industrial
Enxeñeiro/a de Montes
Delineante
Diplomado/a en enfermería
Inspector/a control concesionarias
Programador/a informático
Técnico/a auxiliar seguridade e mobilidade
Técnico/a de sistemas
Técnico/a medio de servizos económicos
Técnico/a superior actividades culturais e educativas

PERSOAL LABORAL

Capataz

Dito acordo foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 21 de 31 de xaneiro de 2025

II.-Contra este acordo constan presentados os seguintes recursos de reposición en prazo:

- D. Graña Feijóo (20/02/2025)
- J.M. Villaverde Villaverde (20/02/2025)
- L. Comesaña Fernández (20/02/2025)
- E. Alonso Rodríguez (20/02/2025)
- F. Rodríguez Barbosa (20/02/2025)
- J. Fernández Riveiro (21/02/2025)
- M.C. González Costas (25/02/2025)
- M.A. Crespo Cibrán (28/02/2025)

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN

O recurso potestativo de reposición aparece regulado actualmente nos artigos 123 e 124 da LPACAP.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

Os recorrentes ostentan a condición de interesados (artigo 4 LPACAP).

O prazo para a súa interposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución recorrida é dun mes dende a súa notificación ou publicación, no caso de que o acto sexa expreso.

No presente caso, procede a tramitación dos recursos recollidos nos antecedentes ao terse presentado en forma e no prazo legalmente previsto.

Á súa vez, o artigo 115.2 da mesma Lei, dispón que o erro ou ausencia de calificación do recurso por parte do recorrente non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter.

II.- ACUMULACIÓN.

O artigo 57 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimiento Administrativo Común das Administracións Públicas: *"El órgano administrativo que inicie o tramite un procedimiento, cualquiera que haya sido la forma de su iniciación, podrá disponer, de oficio o a instancia de parte, su acumulación a otros con los que guarde identidad sustancial o íntima conexión, siempre que sea el mismo órgano quien deba tramitar y resolver el procedimiento..."*

III.- ANÁLISE DA FUNDAMENTACIÓN DOS RECURSOS PRESENTADOS

En primeiro lugar cómpre poñer de manifesto que, todos os recursos menos o presentado por M.A. Crespo Cibrán teñen contido substancialmente idéntico entre eles, serán tratados nunha única contestación aos efectos de evitar reiteracións innecesarias.

Pasamos pois a analizar os distintos escritos presentados:

-Recursos presentados por:

D. Graña Feijóo (20/02/2025)

J.M. Villaverde Villaverde (20/02/2025)

L. Comesaña Fernández (20/02/2025) E. Alonso Rodríguez (20/02/2025)

F. Rodríguez Barbosa (20/02/2025)

J. Fernández Riveiro (21/02/2025)

M.C. González Costas (25/02/2025)

En síntese, solicitan:

Se modifiquen as Bases específicas recorridas outorgando unha nova redacción ao apartado III das mesmas co seguinte tenor literal: *"Establécese o de concurso-oposición, entre persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo integrado no Subgrupo C2 de titulación que contén, canto menos, cunha antigüidade de dous anos nunha praza do Grupo C, Subgrupo C2, escala de administración xeral ou especial ou, no caso do persoal laboral, nunha categoría de titulación equivalente."*

A Sentenza nº 82/2024, ditada polo Xulgado Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo, de data 2 de maio de 2024, no fundamento xurídico terceiro establece que: *"En las Bases Generales para la OEP 2017-2018-2019 expresamente (en el apartado de otras disposiciones comunes) se establecía la participación en igualdad de condiciones para personal funcionario como laboral fijo.*

Sin embargo, posteriormente, en las Bases Específicas, se establecía un requisito restrictivo al personal laboral fijo pues se le exigía para poder participar en el proceso selectivo acreditar mediante "acto administrativo para el efecto" haber desarrollado funciones reservadas a personal funcionario con una antigüedad de 2 años en el puesto.

*La exigencia del cumplimiento estricto de ese requisito restrictivo es contrario a la normativa , y ese requisito restrictivo es contrario a las Bases Generales inicialmente aprobadas en virtud de las cuales el personal laboral fijo(en el caso que nos ocupa el Sr ***) tenía a derecho a participar en igualdad con los funcionarios de carrera. En segundo lugar , contrario a la disposición transitoria segunda del TREBEP , así como la disposición transitoria primera de la Ley 2/2015 de Empleo de Galicia que establece que el personal laboral fijo podrá participar en los procesos selectivos de promoción interna convocados por el sistema de concurso-oposición de forma independiente o conjunta con procesos selectivos . No limita solo a procesos de funcionarización indica la resolución impugnada.*

Infringiendo con ello los principios de igualdad, mérito y capacidad STC 167/1998, de 21 de julio , FJ 4, sostuvimos que "el derecho de acceso a las funciones públicas 'en condiciones de igualdad' (art. 23.2 CE) en la medida que implica que esta igualdad que la ley ha de garantizar en el acceso a las funciones públicas tiene un contenido material que se traduce en determinados condicionamientos del proceso selectivo de manera especialmente relevante, el que las condiciones y requisitos exigidos sean referibles a los principios de mérito y capacidad. De este modo se produce una intersección... del contenido del artículo 23.2 CE con el del artículo 103.3 CE ".

En base a Sentenza indicada, proponse a estimación do recurso. Así na praza de Inspector Control Concesionarias, no punto III.- Sistema de selección debe modificarse e incluír a seguinte redacción *"Establécese o de concurso-oposición, entre persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo integrado no Subgrupo C2 de titulación que desempeñe funcións de persoal funcionario acreditado mediante acto administrativo para o efecto, que contén, canto menos, cunha antigüidade de dous anos nunha praza do Grupo C, Subgrupo C2, escala de administración xeral ou especial."*

-Recurso presentado por:

M.A. Crespo Cibrán (28/02/2025). Solicita a rectificación de: na Plaza de Economista: Dúas prazas (quenda libre) Cuarto exercicio.De carácter obrigatorio e eliminatorio. Este exercicio puntuarase de cero (0) a dous (2) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de dous (2) puntos. Entendendo que la exigencia de una puntuación mínima en el ejercicio igual a la máxima se trata de un error, y habiéndose estimado recursos con el mismo contenido sobre otras plazas de la segunda fase (BOP 05/02/2025), solicito se modifique la puntuación máxima requerida para aprobar el ejercicio hasta un punto. Técnico/a medio de servizos económicos VI.-Fase de oposición para a quenda libre. Terceiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio. Este exercicio puntuarase de cero (0) a tres (2) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de un (1) puntos. Existe una incongruencia entre la puntuación máxima en letra (tres) y en número (2).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

Entendendo que, por coherencia con el resto de plazas y con el cuadro del punto VII de la misma plaza la puntuación máxima correcta es de dos (2) puntos, solicito rectificación.

No primeiro caso, na praza de economista, trátase dun erro xa que requírese unha puntuación mínima de dous puntos para aprobar, o cal se suporía que non obter a puntuación máxima implicaría a suspensión do proceso. Procede a súa modificación ao amparo do disposto no artigo 109.2. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública que dispón que. *“Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos.”*

Habería que modificar as bases específicas referidas. No apartado V. Exercicios de oposición, no cuarto exercicio: onde di “se puntuará de cero (0) a dous (2) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de dous (2) puntos”, debe dicir: “se puntuará de cero (0) a dous (2) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de un (1) punto”.

Igualmente consta un erro na praza de Técnico/a medio de Servizos Económicos. No apartado VI.- Fase de oposición para a quenda libre, no terceiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio. Este exercicio puntuarase de cero (0) a tres (2) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de un (1) puntos. Debe dicir: Terceiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio. Este exercicio puntuarase de cero (0) a dous (2) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de un (1) puntos.

IV.- COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación de convocatorias das ofertas de emprego público e as súas bases no ámbito da xestión do persoal municipal é a Xunta de Goberno local, ao abeiro do artigo 127.1., apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e para a resolución dos recursos presentados contra o acto de aprobación, conforme ao artigo 123 da LPACAP.

Á vista do exposto, e coa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Acordar en base aos fundamentos de este informe, a acumulación e tramitación conxunta dos procedementos iniciados polos interesados que se relacionan: D. Graña Feijóo (20/02/2025), J.M. Villaverde Villaverde (20/02/2025), L. Comesaña Fernández (20/02/2025), E. Alonso Rodríguez (20/02/2025), F. Rodríguez Barbosa (20/02/2025), J. Fernández Riveiro (21/02/2025), M.C. González Costas (25/02/2025), M.A. Crespo Cibrán (28/02/2025).

SEGUNDO.- Estimar os recursos de reposición presentados por D. Graña Feijóo (20/02/2025), J.M. Villaverde Villaverde (20/02/2025), L. Comesaña Fernández (20/02/2025), E. Alonso Rodríguez (20/02/2025), F. Rodríguez Barbosa (20/02/2025), J. Fernández Riveiro (21/02/2025), M.C. González Costas (25/02/2025), contra o acordo da Xunta de Goberno Local, de data 17/01/2025, polo que se aprobou a convocatoria e as bases específicas dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes ao anos

2020, 2021 e 2022 (3ª fase) (BOP 31/01/2025) conforme aos fundamentos xurídicos expostos.

Así na praza de Inspector Control Concesionarias, no punto III.- Sistema de selección, procede a modificación da redacción de xeito que quede redactada *“Establécese o de concurso-oposición, entre persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo integrado no Subgrupo C2 de titulación que contén, canto menos, cunha antigüidade de dous anos nunha praza do Grupo C, Subgrupo C2, escala de administración xeral ou especial ou, no caso do persoal laboral, nunha categoría de titulación equivalente.”*

TERCEIRO.- Rectificar, en base aos fundamentos de este informe, as bases de específicas de:

Economista. No apartado V. Exercicios de oposición, no cuarto exercicio: onde di *“se puntuará de cero (0) a dous (2) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de dous (2) puntos”*, debe dicir: *“se puntuará de cero (0) a dous (2) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de un (1) punto”*.

Técnico/a medio servizos económicos. No apartado VI.-Fase de oposición para a quenda libre, no terceiro exercicio: onde di *“Este exercicio puntuarase de cero (0) a tres (2) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de un (1) puntos”*. Debe dicir: *“Terceiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio. Este exercicio puntuarase de cero (0) a dous (2) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de un (1) puntos.”*

CUARTO: Ordenar a realización das publicacións nos boletíns e diarios oficiais que correspondan, dispoñendo a súa inserción na web municipal www.vigo.org e na Intranet Municipal aos efectos do seu público coñecemento.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(224).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE ADXUNTO/A DIRECCIÓN DE INGRESOS E INSPECCIÓN TRIBUTARIA, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO ESPECÍFICO. EXPTE. 1865/1102.

Visto o informe de fiscalización do 19/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 14/03/2025, asinado pola secretaria de Goberno local e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

ANTECEDENTES DE FEITO

En data 23.09.2022 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación definitiva a nova relación de postos de traballo do Concello de Vigo correspondente ao ano 2022 xunto coa memoria xustificativa asinada pola Secretaria de Administración Municipal de data sinatura dixital 27.06.2022 e guía de funcións asinadas pola técnica de Formación e Avaliación de data 26.06.2020 (BOP PO de data 30.09.2021).

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 16 de marzo de 2023, prestou aprobación inicial a proposta de aplicación de estudo de análise e valoración retributiva e funcional de postos de traballo e mellora na organización interna da Policía Local do Concello de Vigo e aprobación da relación de postos de traballo do Concello de Vigo 2023 publicada no BOP de Pontevedra núm. 93, do 16.05.2023

A Xunta de Goberno Local, en data 15 de marzo de 2024 e posterior corrección de erros de 22 de marzo de 2024 prestou aprobación aos criterios xerais para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación existentes no Concello de Vigo, resultantes da negociación colectiva coa representación sindical do persoal desenvolvemento en sesións negociais celebradas en datas 10/03/2023 e 08/05/2023.

En data 13.03.2025 incoouse o procedemento de provisión de posto de traballo de adxunto/a Dirección de Ingresos e Inspección Tributaria.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A normativa aplicable en materia de provisión do postos de traballos nas entidades locais ven determinada polo TREBEP ao ser de preferente aplicación a lexislación básica estatal á lexislación autonómica sobre función pública que opera como dereito supletorio de primeiro grao (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 25 de abril de 2018). Concretamente o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo que, de conformidade coa relación aprobada, estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerase polas normas que, no desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración do Estado. E o artigo 101 da LRBRL remite en materia de provisión as normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións públicas, entendendo como tales as básicas do estatuto básico del empregado público.

E por isto que o réxime xurídico en materia de provisión de postos de traballo ven determinado pola seguinte normativa

- a)** Preceptos básicos das lexislacións e regulamentos estatais sobre función pública e réxime local. Fundamentalmente o estatuto básico do empregado público aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP), Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local e Texto Refundido de Réxime Local (LRBRL) (este último na disposición final 7ª sinala os preceptos básicos).
- b)** Normativa autonómica sobre réxime local (Lei 5/1997, de administración local de Galicia) e normativa autonómica de función pública local (Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEGAL-). e o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional promoción interna, en aquilo que resulte aplicable, vixente en virtude do apartado 2 da disposición derogatoria primeira da Lei 2/2015) e Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.
- c)** Preceptos non básicos das lexislacións e regulamentos estatais. Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RGI, de aplicación supletoria no eido local) e Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado
- d)** Regulamentos e ordenanzas locais.
- e)** Acordos e pactos reguladores das condicións de traballo dos funcionarios (Acordo regulador de condicións económicas e sociais funcionarios do Concello de Vigo e Convenio colectivos dos empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo aprobado polo pleno en sesión de data 28.12.1998)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Da provisión dos postos de traballo.-

O artigo 101 da LRBRL determina que os postos de traballo vacantes que deban ser cubertos polos funcionarios proveeranse en convocatoria pública polos procedementos de concurso de méritos o de libre designación, de acordo con las normas que regulen estos procedementos en todas las Administraciones públicas.

Doutra banda, o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo o que estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerase polas normas que, en desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración del Estado.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

O artigo 78 do TREBEP determina que a provisión de postos de traballo en cada Administración Pública levará a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación con convocatoria pública.

A LEPG distingue entre o concurso ordinario como procedemento xeral de provisión dos postos de traballo que non teñan establecida outra forma de provisión na relación de postos de traballo (artigo 90.1) e o concurso específico como sistema de provisión para aqueles postos de traballo para os que, polas súas peculiaridades, así se determine na relación de postos de traballo (artigo 91) sinalando que as xefaturas de servizo ou os postos de nivel equivalente proveranse por este sistema, agás aqueles que, polas súas especiais características, deban proverse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública. A opción polo concurso específico reservase para aqueles postos que polas especificacións derivadas das funcións a realizar e as tarefas ou responsabilidades que o caracterizan, a xuízo do órgano administrativo convocante, deban ser incluídos nun concurso específico, a fin de garantir de maneira máis precisa a idoneidade do funcionario que finalmente resulte adxudicatario para o desempeño do posto convocado (Sentencia Audiencia Nacional de 12 Jun. 2013, Rec. 49/2013).

Non obstante tal e como sinala a STXG 338/2018 cando “ a justificación del sistema de provisión viene contemplada en una norma con rango de Ley no es preciso que en la convocatoria específica se contenga una referencia o defensa particularizada del sistema de provisión elegido.” e engade “ En consecuencia, desde la entrada en vigor de dicha [Ley 2/2015](#) , que tuvo lugar a los veinte días de su publicación en el Diario Oficial de Galicia (disposición final quinta, apartado 1), publicación que se produjo el 4 de mayo de 2015, la regla general es que las jefaturas de servicio han de proveerse por el sistema de concurso específico”

Neste senso a RPT do ano 2022 contén memoria na que se determina e xustifica a provisión do posto obxecto da convocatoria polo sistema de concurso específico.

SEGUNDO.- Do procedemento.-

Consta no expediente a resolución de incoación, e as bases reguladoras da convocatoria pública para a provisión do posto de adxunto/a Dirección de Ingresos e Inspección Tributaria que se incorporan como anexo a proposta de acordo. As bases incorporan os criterios xerais para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación existentes no Concello de Vigo aprobados pola Xunta de Goberno Local en data 15 de marzo de 2024 e posterior corrección de erros de 22 de marzo de 2024 resultantes da negociación colectiva coa representación sindical.

O órgano competente para a aprobación das bases de provisión do posto e convocatoria é a Xunta de Goberno Local conforme o disposto no artigo 127.1.h da LRBRL.

E por isto polo que se eleva a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da intervención Municipal a adopción do seguinte , **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases reguladoras transcritas no Anexo I, para a provisión do posto de adxunto/a Dirección de Ingresos e Inspección Tributaria mediante o sistema de concurso específico.

SEGUNDO.- Convocar o procedemento para a provisión do posto referenciado no apartado anterior.

TERCEIRO. - Publicar a convocatoria xuntamente co texto íntegro das bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Edictos Electrónico do Concello de Vigo. O anuncio co extracto da convocatoria publicárase no Diario Oficial de Galicia (DOG), no Boletín Oficial del Estado, sendo a data deste anuncio a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE ADXUNTO/A DIRECCIÓN DE INGRESOS E INSPECCIÓN TRIBUTARIA MEDIANTE CONCURSO ESPECÍFICO (1865 -1102).-

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a provisión dun posto de traballo vacante e dotado economicamente nos orzamentos deste Concello, reservado a persoal funcionario de carreira do subgrupo A1/A2 mediante o procedemento de concurso específico.

O posto de traballo convocado atópase recollido na relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicada no BOP de Pontevedra núm. 183, do 19.09.2024 coas seguintes características:

- Denominación do posto: adxunto/a Dirección de Ingresos e Inspección Tributaria.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

- Servizo no que se adscribe: Dirección de Ingresos
- Referencia do posto (Ref Posto) na RPT: 5000102
- Escala: Administración xeral/Administración Especial
- Subescala: Subescala Técnica/Técnica Superior-Técnica Medio
- Grupo: A1/A2
- Complemento de destino: 26
- Complemento específico anual: 28784,5€
- Sistema de provisión: concurso específico

Funcións: as establecidas nas guías de funcións para o posto de xefatura de Departamento publicada no portal de transparencia <https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=es>.

De conformidade co artigo 14 da Constitución Española e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a Administración Pública terá en conta o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres na provisión dos postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario.

SEGUNDO.- SOLICITUDES

1. Para presentar a solicitude o aspirante deberá ter unha antigüidade mínima de 3 anos como funcionario de carreira do Concello de Vigo.

Aquelas persoas que se atopen en situación de excedencia voluntaria por interese particular ou por agrupación familiar (artigo 89.2 e 3 do TREBEP) ou en situación de servizos especiais (art. 87 do TREBEP), só poderán participar no presente concurso se, a data do último día de presentación de solicitudes para participar no presente concurso, permaneceron na devandita situación durante un mínimo de dous anos.

Os funcionarios de carreira que desexen participar nesta convocatoria presentarán por medios electrónicos a instancia en modelo facilitado polo Concello e na páxina web do Concello no rexistro electrónico xeral do Concello durante o prazo de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

2. As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Certificación acreditativa da condición de funcionario/a de carreira, con indicación da praza, grupo de clasificación e posto de traballo que ocupa, así como dos servizos,

departamentos ou áreas funcionais nas que desenvolve o seu traballo, especificando o correspondente período.

- Declaración xurada ou promesa de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados polos aspirantes, salvo que consten no seu expediente persoal existente no arquivo do área de RRHH e Formación do Concello. En caso de non constar no citado expediente, deberán ser achegados coa instancia para que poidan ser valorados. Non se terán en conta os documentos que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos na data de finalización do prazo de presentación de instancias.
- Memoria requirida no apartado cuarto (segunda fase).

3. Vinculación da solicitude. Unha vez transcorrido o período de presentación de instancias, non poderá renunciarse ás solicitudes formuladas e estas serán vinculantes para o peticionario e o destino adxudicado será irrenunciable, salvo que se obteña outro destino mediante convocatoria pública antes de finalizar o prazo de toma de posesión.

4. Non se admitirá en ningún caso a presentación de memorias con posterioridade a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. A falta de presentación da memoria ou, no seu caso, o incumprimento dos requisitos que debe reunir a indicada memoria, ou a non comparecencia ao acto público para a súa exposición e defensa, comportará automaticamente a exclusión do aspirante do proceso de provisión.

As persoas aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da segunda fase.

TERCEIRO.- RELACIÓN DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS.

1. Lista provisional. Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias publicarase unha lista de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso. Esta relación publicarase na páxina web do Concello (www.vigo.org) e no taboleiro de edictos.

2. Prazo reclamacións. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, para poder emendar o defecto que motivara a súa exclusión. A estimación ou desestimación desta petición entenderase implícita na elevación da lista de admitidos e excluídos con carácter definitivo.

3. Lista definitiva. Unha vez que remate o prazo de reclamacións aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos que será publicada na páxina web do Concello (www.vigo.org) e no taboleiro de edictos. Contra dita resolución os aspirantes excluídos poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, no prazo dun mes, que se contará desde o día seguinte ao



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

da publicación da resolución nos medios anteriormente sinalados, ou poderán impugnalas directamente na orde xurisdiccional contencioso-administrativa no prazo de 2 meses, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación da dita resolución nos medios anteriormente sinalado

CUARTO.- BAREMO PARA PUNTUACIÓN DOS MÉRITOS.-

Os méritos que comprenden o baremo resultan en consecuencia da normativa e do acordo de aplicación integrándose polos seguintes méritos avaliáveis:

Este concurso específico consta de dúas fases: Na primeira fase valoraranse os méritos xerais e específicos adecuados ás características do posto convocado e na segunda fase a Memoria. Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de instancias.

PRIMEIRA FASE: Méritos xerais e específicos. A puntuación máxima da primeira fase, méritos xerais e específicos será de 40 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 20 puntos para acceder á segunda fase.

A).- Méritos xerais.- A valoración máxima dos **méritos xerais** será de 20 puntos.

1.1.1– Grao persoal consolidado (ata un máximo de 4 puntos)

O grao persoal consolidado como persoal empregado público do Corpo/Escala desde o que se participa valorarase en relación co nivel do posto ao que se convoca ata un máximo de 4 puntos do seguinte xeito:

Pola posesión dun grao persoal superior ao do posto solicitado, 4 puntos.

Pola posesión dun grao persoal igual ao do posto solicitado, 3 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior nun grao ao do posto solicitado, 2 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior en dous graos ao do posto solicitado, 1 punto.

1.1.2 – Antigüidade (ata un máximo de 2 puntos)

Valorarase a razón de 0,025 puntos por cada mes completo de servizo, ata un máximo de 2 puntos, computándose para estes efectos os recoñecidos que se prestaron con anterioridade á adquisición da condición de persoal empregado público ao amparo do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro.

Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados

1.1.3. Exercicio de dereitos de conciliación por parte do solicitante (ata un máximo de 1 puntos).

- Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,25 puntos por permiso, ata un máximo de 0,5 puntos.
- Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo: 0,15 puntos por permiso, ata un máximo de 0,3 puntos.
- Redución de xornada do artigo 106.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: 0,005 puntos por mes de redución, ata un máximo de 0,10 puntos.
- Excedencia por coidado de familiares: 0,005 puntos por cada mes completo de excedencia, ata un máximo de 0,10 puntos.

1.1.4.- Valoración do traballo desenvolvido (ata un máximo de 3 puntos)

Polo desempeño de postos de traballo anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes

- Polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ao que se concursa: 0,05 puntos por mes traballado.
- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,033 puntos por mes traballado.
- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior en máis de dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,016 puntos por mes traballado.

A prestación efectiva de servizos valorada neste apartado non poder ser obxecto de puntuación no apartado de experiencia profesional dos méritos específicos (1.1.8)”

1.1.5. Cursos de formación e perfeccionamento.- (ata un máximo de 5 puntos)

1.1.5.1 Asistencia a cursos de formación e perfeccionamento relacionados con carácter xeral co posto de traballo que se convoca e nos que se expida diploma, certificado de asistencia, ou certificación de aproveitamento, puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Valoraranse unicamente aquelas accións formativas recibidas, sempre que fosen organizadas por centros ou entidades acollidos ao Plan de Formación Continua das



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

Administracións Públicas, centros oficiais de formación, as organizacións sindicais, o Concello de Vigo e os seus organismos autónomos ou polo resto de administracións pública. Igualmente deberán valorarse polo seu carácter transversal os cursos en materia de linguaxe non sexista, prevención do acoso, sobre igualdade e corresponsabilidade e violencia de xénero recoñecidos polas administracións públicas.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 5 horas, nin as xornadas, simposios, congresos ou similares. Nos cursos de informática, valoraranse aqueles cuxos diplomas estean expedidos con posterioridade ao ano 2000. Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Polo seu carácter obrigatorio non serán obxecto de baremación os cursos básicos de carácter obrigatorio impartidos inicialmente en materia de prevención de Riscos Laborais.

1.1.5.2.- Impartición de cursos de formación e perfeccionamento relacionados coa área de experiencia de cada posto de traballo que se convoca, no ámbito da Administración Pública e directamente relacionados co posto de traballo que se convoca, puntuarase por 0,05 puntos por cada hora do curso.

Non se puntuarán os cursos que se refiran a materias diferentes ás funcións do posto de traballo que se convoca.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A puntuación máxima a acadar coa suma dos apartados 1.1.5.1, 1.1.5.2 será dun máximo de 5 puntos.

1.1.6. - Titulacións académicas (ata un máximo de 3 puntos)

Valorarase a titulación académica universitaria oficial sempre que sexa distinta á utilizada para o ingreso no corpo/escala desde o que se concursa e sexa de igual ou superior nivel académico. As titulacións valoraranse de forma acumulativa.

- Máster oficial universitario: 0,30 puntos.
- Diplomado/a universitario/a ou equivalente: 0,40 puntos.
- Graduado/a universitario ou equivalente: 0,50 puntos.
- Doutoramento: 0,70 punto
- Licenciado/a universitario/a ou equivalente: 0,80 puntos.

1.1.7.-Nivel de coñecemento da lingua galega (ata un máximo de 2 puntos)

Certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega:

- Linguaxe administrativa medio ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 1 puntos.
- Linguaxe administrativa superior ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 2,00 puntos.

Só se valorará o título de maior nivel.

Só se concederá validez aos cursos, estudos ou titulacións homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística.

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 2,00 puntos.

B).- Méritos específicos. A valoración máxima dos **méritos específicos** será de 20 puntos.

A valoración máxima dos méritos específicos será de 20 puntos. Valoraranse os seguintes méritos específicos:

1.1.8. Experiencia profesional (ata un máximo de 8 puntos)

Valorarase a experiencia profesional adquirida polo desempeño efectivos de servizos segundo as seguintes especificacións:

1- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 27 a 30 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,075 puntos por cada mes completo.

2- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 24 a 26 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,050 puntos por cada mes completo.

3- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino inferior ao 24 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,025 puntos por cada mes completo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

4- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 sen desempeñar xefatura e sen distinción de niveis en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,020 puntos por cada mes completo.

A experiencia profesional adquirida mediante prestación efectiva de servizos en comisión de servizos valorarase en todo caso coa limitación da duración máxima legalmente prevista.

A experiencia profesional no servizo que se convoca que exceda do límite máximo deste apartado valorarase no apartado 1.1.4.

1.1.9.- Formación específica (ata máximo 12 puntos)

Cursos de formación e perfeccionamento en materias específicas propias do Servizo que se convoca.

A acreditación destes méritos realizarase mediante diploma ou certificación de aproveitamento ou asistencia, e puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A acreditación dos méritos para valorar nesta base realizarase mediante diploma ou certificado emitido polo organismo oficial ou homologado polas Administracións Públicas ou centros oficiais de formación que organicen o curso, onde se indique o número de horas, con indicación no seu caso do aproveitamento.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 20 horas.

Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

SEGUNDA FASE: MEMORIA (ata un máximo de 10 puntos)

Elaboración e defensa dunha memoria que terá como obxecto unha análise das tarefas e funcións do posto de traballo, así como dos requisitos, condicións e medios necesarios para

o seu desempeño, a xuízo da persoa candidata, tendo como base a descrición que consta na ficha descritiva do posto de traballo adxunto as bases.

A memoria evidenciará o coñecemento do contido funcional do posto, sus características, condiciónes, medios necesarios e propostas organizativas e desenvolverá os seguintes apartados

- 1.- Análise das tarefas do posto, condicións e medios necesarios para o seu desenvolvemento
- 2.- Plan de organización do traballo
- 3.- Proxecto de mellora funcional
- 4.- Conclusións

A memoria terá unha extensión máxima de 50 páxinas e elaborarse dando cumprimento ás seguintes características técnicas: interliñado 1,5, letra “arial”, 12 puntos, paxinación ao final de cada páxina e impresión a dúas caras.

As persoas candidatas deberán proceder á defensa e exposición da memoria ante a comisión de valoración, durante un tempo de 30 minutos.

Os aspirantes serán convocados para a exposición e defensa pública pola Comisión de Valoración correspondente cunha antelación de, como mínimo, 3 días hábiles.

Os aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da exposición

No acto de defensa da memoria poderán facer uso dun guión previo que poderán levar elaborado á sesión (máximo 1 DIN-A4 polas dúas caras).

Tras a oportuna defensa da memoria, a comisión de valoración poderá efectuar as preguntas que considere conveniente acerca do seu contido, así como de calquera dos aspectos desenvolvidos durante a exposición. A comisión, valorará a través da memoria e da súa correspondente exposición e defensa oral os seguintes aspectos:

- a) A estrutura formal e a claridade.
- b) O contido e a capacidade de análise das tarefas do posto de traballo e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño.
- c) A capacidade de planificación, innovación, determinación de prioridades e toma de decisións.
- d) Liderazgo de equipos: capacidade de xestión e motivación
- e) Capacidade de impulsar a implantación e revisión de estratexias e iniciativas de melloras competencias dixitais
- f) Capacidade de resolución de conflitos



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

A avaliación da memoria efectuarase mediante a puntuación obtida coa media aritmética das outorgadas por cada un dos membros da comisión avaliadora desbotando para estes efectos a máxima e a mínima concedidas. As puntuacións outorgadas, así como a avaliación final, deberán reflectirse na acta que se redactará para o efecto.

Unha vez outorgada a puntuación da memoria, a comisión levantará a acta correspondente que será publicada no prazo máximo dos cinco días seguintes a data da exposición, e na que deberán figurar os criterios de valoración aplicados pola comisión.

Establecerase unha puntuación mínima total de 25 puntos para a adxudicación do posto de traballo.

Criterios de desempate.- En caso de empate na puntuación, dirimirase conforme á puntuación obtida, no seu caso, na segunda fase, e se persistise ou en defecto de segunda fase pola obtida nos seguintes apartados na orde que se indica

- a) Pola valoración do traballo desenvolvido
- b) Polo grao persoal consolidado
- c) Cursos de formación e perfeccionamento
- d) Data de ingreso como funcionario de carreira, no Corpo, Escala ou Categoría dende a que concursa
- e) Sexo infrarrepresentado
- f) Sorteo

QUINTO.- COMISIÓN DE VALORACIÓN

A comisións de valoración estarán formadas por: un presidente, tres vocais, e un secretario e quedarán integradas, ademais, polos respectivos suplentes, que serán designados xunto cos titulares con motivo da aprobación da relación definitiva de aspirantes admitidos cuxa publicación realizarase como mínimo 48 horas antes da súa constitución,

As comisións de valoración serán predominantemente técnicas e deberán axustarse aos principios de profesionalidade e especialización dos seus membros e adecuarse ao criterio de paridade entre home e muller. As persoas integrantes da comisión deberán estar desempeñando un posto de nivel xerárquico igual ou superior ao do posto convocado.

Todos os membros da comisión de valoración terán voz e voto. O procedemento de actuación do

comisión de valoración axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

As comisións de valoración poderán solicitar a designación de persoas expertas que, en calidade de asesoras, actuarán con voz pero sen voto.

As comisións de valoración fixará a puntuación que corresponda aos participantes na provisión de postos de traballo vacantes no Concello de Vigo, segundo os mérito establecidos na cláusula quinta.

A proposta que, de acordo con o establecido no apartado anterior, realicen as comisións de valoración, terá o carácter vinculante para o órgano encargado da resolución da convocatoria do concurso.

Unha vez as comisións de valoración fixesen valoración provisional do concurso, esta publicase no taboleiro de anuncios do concello, podendo formular os aspirantes reclamación nos seguintes 10 días hábiles, no seu caso.

Unha vez examinadas e resoltas polas comisións as reclamacións, se as houbese, procederase a elevar proposta definitiva da resolución do concurso, entendendo a estimación ou desestimación das reclamacións implícita na proposta definitiva da resolución do concurso.

A Xunta de Goberno Local procederá a realizar o correspondente nomeamento, de conformidade coa proposta anterior.

O prazo para a resolución do concurso será de tres meses contados desde o día seguinte ao de fiscalización do prazo de presentación de solicitudes.

SEXTO.- TOMA DE POSESIÓN

O prazo de cesamento será de 3 días hábiles seguintes á publicación da resolución do concurso no BOP.

O prazo de toma de posesión será de 3 días hábiles se non implica cambio de residencia ou de sete días hábiles si comporta cambio de residencia e comezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento. Cando a persoa adxudicataria do posto obteña coa súa toma de posesión o reingreso ao servizo activo, o prazo será dun mes.

O/a concelleiro/a delegado/a da área de Goberno onde preste servizos o funcionario poderá, mediante comunicación a Área de RRHH e Formación diferir o cesamento por necesidades do servizo, ata vinte días naturais. Excepcionalmente, a proposta do concelleiro/ delegado de área de goberno correspondente, poderá, por esixencias do normal funcionamento dos servizos do concello, aprazar a data do cesamento ata un máximo de tres meses, computada a prórroga prevista con anterioridade.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

O cómputo dos prazos de posesión iniciarase cando terminen os permisos ou licenzas que, no seu caso, fosen concedidos aos interesados. Nos suposto de incapacidade temporal o cómputo do prazo iniciarase a partir da correspondente alta.

O prazo de posesión considerarse como de servizo activo, comezando os efectos económicos no novo destino desde a data de cesamento no de procedencia.

Os destinos adxudicados consideraranse de carácter voluntario, non xerando dereito ao abono de indemnizacións por concepto algún, sen prexuízo das excepcións previstas no réxime de indemnizacións por razón de servizo.

O persoal funcionario de carreira que non tome posesión do posto de traballo adxudicado no prazo establecido decaerá nos dereitos que lle poidan corresponder e, de ser o caso, será declarado en situación de excedencia voluntaria por interese particular, nos termos que regulamentariamente se determinen..

SÉTIMO.- PUBLICIDADE

As presentes bases, xunto coa resolución da convocatoria, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, de forma complementaria, no apartado de emprego da Sede electrónica do Concello.

Así mesmo, publicarase un anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE).

A resolución da convocatoria, co nomeamento da persoa seleccionada, publicarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo

OITAVO.- RECURSOS

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

15(225).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE XEFE/A DE ÁREA MOBILIDADE, SEGURIDADE DE TRÁFICO E EXTINCIÓN DE INCENDIOS, MEDIANTE O SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN. EXPTE. 1864/1102.

Visto o informe de fiscalización do 19/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 14/03/2025, asinado pola secretaria de Goberno local e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

En data 23.09.2022 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación definitiva a nova relación de postos de traballo do Concello de Vigo correspondente ao ano 2022 xunto coa memoria xustificativa asinada pola Secretaria de Administración Municipal de data sinatura dixital 27.06.2022 e guía de funcións asinadas pola técnica de Formación e Avaliación de data 26.06.2020 (BOP PO de data 30.09.2021).

En data 16.03.2023 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación inicial a proposta de aplicación de estudo de análise e valoración retributiva e funcional de postos de traballo e mellora na organización interna da Policía Local do Concello de Vigo e aprobación da relación de postos de traballo do Concello de Vigo 2023 publicada no BOP de Pontevedra núm. 93, do 16.05.2023

Por resolución da concelleira delegada de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 14.07.2023, que modifica a Resolución de data 3.11.2022 e posterior rectificación de erros de data 10.11.2022, designouse puntualmente como instrutora á Secretaria de Goberno Local da Susana Gallardo Fariña, aos efectos do previsto nas incidencias con respecto as cales foi comunicada a abstención da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, en relación coa implementación das actuacións derivadas do Plan de Ordenación de Recursos Humanos para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados no Subgrupo A1 e A2 de titulación e tendentes á execución do fallo da Sentenza no 62/2021, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo no 2 de Vigo no procedemento abreviado no 180/2020 (expte. 41058-220).

En data 13.03.2025, e conforme o informe de calendarización do ano 2025, incoouse o procedemento de provisión de posto de traballo do posto de traballo de xefe/a de Área Mobilidade, Seguridade de Tráfico e Extinción de Incendios.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A normativa aplicable en materia de provisión dos postos de traballos nas entidades locais ven determinada polo TREBEP ao ser de preferente aplicación a lexislación básica estatal á



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

lexislación autonómica sobre función pública que opera como dereito supletorio de primeiro grao (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 25 de abril de 2018). Concretamente o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo que, de conformidade coa relación aprobada, estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerase polas normas que, no desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración do Estado. E o artigo 101 da LRBRL remite en materia de provisión as normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións públicas, entendendo como tales as básicas do estatuto básico del empregado público.

E por isto que o réxime xurídico en materia de provisión de postos de traballo ven determinado pola seguinte normativa

- a)** Preceptos básicos das lexislacións e regulamentos estatais sobre función pública e réxime local. Fundamentalmente o estatuto básico do empregado público aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP), Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local e Texto Refundido de Réxime Local (LRBRL) (este último na disposición final 7ª sinala os preceptos básicos).
- b)** Normativa autonómica sobre réxime local (Lei 5/1997, de administración local de Galicia) e normativa autonómica de función pública local (Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEGAL-). e o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional promoción interna, en aquilo que resulte aplicable, vixente en virtude do apartado 2 da disposición derogatoria primeira da Lei 2/2015) e Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.
- c)** Preceptos non básicos das lexislacións e regulamentos estatais. Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RGI, de aplicación supletoria no eido local) e Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado
- d)** Regulamentos e ordenanzas locais.
- e)** Acordos e pactos reguladores das condicións de traballo dos funcionarios (Acordo regulador de condicións económicas e sociais funcionarios do Concello de Vigo e Convenio colectivos dos empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo aprobado polo pleno en sesión de data 28.12.1998)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Da provisión dos postos de traballo.-

O artigo 101 da LRBRL determina que os postos de traballo vacantes que deban ser cubertos polos funcionarios proveeranse en convocatoria pública polos procedementos de concurso de méritos o de libre designación, de acordo con las normas que regulen estos procedementos en todas las Administraciones públicas.

Doutra banda, o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo o que estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexeráse polas normas que, en desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración del Estado.

O artigo 78 do TREBEP determina que a provisión de postos de traballo en cada Administración Pública levará a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación con convocatoria pública.

A libre designación é un procedemento ordinario, que require que a relación de postos de traballo, tras a correspondente motivación por ser un acto discrecional, determine os postos de traballo a proveer por dito sistema.

A RPT vixente publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP PO núm. 183, do 19.09.2024) contempla como sistema de provisión do posto xefe/a de Área Mobilidade, Seguridade de Trafico e Extinción de Incendios a libre designación. Así mesmo consta a xustificación individualizada do sistema de provisión por libre designación na memoria elaborada con motivo da aprobación da RPT 2022 e a provisión de dito postos se atopa incluída no informe de calendarización de provisión dos postos de traballo para o ano 2025.

A libre designación do persoal funcionario de carreira, conleva a apreciación discrecional polo órgano competente da idoneidade dos candidatos en relación cos requisitos esixidos para o desempeño do posto.

SEGUNDO.- Do procedemento.-

Consta no expediente bases reguladoras da convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, o posto de traballo de Xefe/a de Área Mobilidade, Seguridade de Trafico e Extinción de Incendios axustada ao establecido na Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEGAL-) e Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.

TERCEIRO.- Órgano competente.-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

O Órgano competente para a aprobación das bases e a súa convocatoria corresponde a Xunta de Goberno Local conforme o disposto no artigo 127.1.h da LRBRL.

E por isto polo que se eleva a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da intervención Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**

PRIMEIRO.- Aprobar as Bases reguladoras transcritas no como Anexo I, para a provisión do posto de traballo efe/a de Área Mobilidade, Seguridade de Trafico e Extinción de Incendios mediante o sistema de libre designación.

SEGUNDO.- Convocar o procedemento para a provisión do posto referenciado no apartado anterior.

TERCEIRO.- Publicar a convocatoria xuntamente co texto íntegro das bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Edictos Electrónico do Concello de Vigo. O anuncio co extracto da convocatoria publicarase no Diario Oficial de Galicia (DOG), no Boletín Oficial del Estado, sendo a data deste anuncio a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I.- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN, DO POSTO DE XEFE/A DE AREA MÓBILIDADE, SEGURIDADE DE TRAFICO E EXTINCIÓN DE INCENDIOS (1864-1102).-

Primeira.- Obxecto da Convocatoria

Constitúe o obxecto da presente convocatoria a provisión, polo sistema de libre designación do posto de traballo de xefe/a de Área Mobilidade, Seguridade de Trafico e Extinción de Incendios.

Segunda.- Características do posto de traballo

O posto de traballo convocado atópase recollido na relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP PO) núm. 183, do 19.09.2024 coas seguintes características:

- Denominación do posto: xefe/a de Área Mobilidade, Seguridade de Trafico e Extinción de Incendios.

- Servizo no que se adscribe: Área Mobilidade e Seguridade
- Referencia do posto (Ref Posto) na RPT: 2010101
- Escala: Administración xeral /administración especial
- Subescala: Subescala Técnica/Subescala Técnica Superior
- Grupo: A1
- Titulación_1
- Complemento de destino: 28
- Complemento específico anual: 47. 287,66 €
- Sistema de provisión: libre designación

Funcións: as establecidas nas guías de funcións para o posto de Xefe/a de área publicada no portal de transparencia <https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=es>.

Terceira.- Requisitos de participación

Poderán concorrer a convocatoria as persoas que, xunto aos requisitos xerais previstos no artigo 56 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, reúnan as seguintes condicións:

a) Ser persoal funcionario de carreira do Concello de Vigo do grupo A subgrupo A1 da escala de Administración Xeral ou Especial, calquera que sexa a súa situación administrativa agás da suspensión de funcións, cando reúnan as condicións xerais e requisitos determinados na presente convocatoria na data en que termine o prazo de presentación de instancias

b) Titulación requirida.- grao ou equivalente

Todos os requisitos deberán poseerse na data da finalización do prazo de presentación de instancias e manterse ata o momento da toma de posesión.

Cuarta.- Presentación de solicitudes e documentación

As solicitudes se dirixirán ao Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Vigo e se presentarán no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

A instancia conterá, polo menos, os datos persoais do/a solicitante, co seu enderezo, número de teléfono móbil/fixo e enderezo de correo electrónico.

As persoas aspirantes acompañarán á súa solicitude a seguinte documentación:

- Copia simple do DNI en vigor
- Curriculum vitae no que conste o traballo desenvolvido, titulación académica, cursos realizados e outros méritos que se considere oportuno poñer de manifesto, xunto coa documentación acreditativa destes



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

- Certificación acreditativa da condición de funcionario/a de carreira, con indicación da praza, grupo de clasificación e posto de traballo que ocupa, así como dos servizos, departamentos ou áreas funcionais nas que desenvolve o seu traballo, especificando o correspondente período.
- Declaración xurada ou promesa de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria

Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de solicitudes.

En ningún caso se valorarán méritos non alegados na solicitude ou non acreditados documentalmente en prazo

As solicitudes deberán presentarse por medios electrónicos no rexistro electrónico do Concello de Vigo conforme o disposto no artigo 16.4.a da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, contados a partir do seguinte ao da publicación de esta convocatoria no BOE.

Quinta.- Resolución da convocatoria

A presente convocatoria resolverase mediante acordo da Xunta de Goberno Local no prazo máximo de dous meses, mes contados dende a data da súa publicación no BOP PO.

Valorarase a idoneidade para o desempeño do posto convocado conforme os méritos alegados e acreditados documentalmente así como o cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria, podendo quedar deserta a convocatoria por considerar que ningunha das persoas candidatas reúne as características adecuadas para o posto de traballo ou non reúne a idoneidade necesaria para o seu desempeño, ou se non se presentase ningunha solicitude.

De conformidade co artigo 14 da Constitución Española e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a Administración Pública terá en conta o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres na provisión dos postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario.

A persoa así nomeada poderá ser removida libremente polo mesmo órgano que o nomeou, nos termos establecidos na normativa vixente.

Sexta.- Toma de posesión

O prazo de cesamento será de 3 días hábiles seguintes á publicación da resolución do concurso no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra,

O prazo de toma de posesión será de 3 días hábiles se non implica cambio de residencia ou de sete días hábiles si comporta cambio de residencia e comezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento. Cando a persoa adxudicataria do posto obteña coa súa toma de posesión o reingreso ao servizo activo, o prazo será dun mes dende a publicación da resolución no BOP PO.

O persoal que non tome posesión do posto adxudicado dentro do prazo indicado, salvo causas de forza maior ou outras circunstancias graves debidamente xustificadas, será declarado decaído nos dereitos que lle puidesen corresponder y, en su caso, será declarado en la situación de excedencia voluntaria por interese particular, en los términos que regulamentariamente se determinen

Sétima.- Publicidade

As presentes bases, xunto coa resolución da convocatoria, publicaranse no BOP PO, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, de forma complementaria, no apartado de emprego da Sede electrónica do Concello.

Así mesmo, publicarase un anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE).

A resolución da convocatoria, co nomeamento da persoa seleccionada, publicarase no BOP PO, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo

Oitava.- Recursos

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

16(226).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE CONCESIÓN PARA A XESTIÓN DO SERVIZO DE INMOBILIZACIÓN, RETIRADA, DEPÓSITO, CUSTODIA E COBRO DOS VEHÍCULOS INDEBIDAMENTE ESTACIONADOS EN VÍA PÚBLICA. EXPTE. 142618/210.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

Visto o informe xurídico do 18/03/2025 e o informe de fiscalización do 24/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 14/03/2025 asinado polo xefe de Área de Seguridade e Mobilidade e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local adoptou, en sesión ordinaria de 08 de xaneiro de 2007, o seguinte acordo (Expte: 70443/210)

“Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de do interventor xeral do 4.01.06 e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 18.12.06, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Non admitir á licitación as ofertas seguintes polas causas que se citan a continuación:

Estacionamientos y Servicios, S.A., tal e como acordou a mesa de contratación celebrada o día 17-07-2006 por incumprir a esixencia de presentar en sobre pechado no Rexistro Xeral a opción de novos terreos para o depósito definitivo de vehículos retirados da vía pública.

Unión Temporal de Empresas formada por Daorje, S.L.- Hixiene`s, S.L.: por non cumprir os terreos ofertados as condicións mínimas esixidas no prego de prescricións técnicas de acordo co informado polo Arquitecto municipal D. Juan Luis Piñeiro Ferradas o día 20-07-2006.

2º.- Adxudicar a Setex Aparki, S.L. o procedemento negociado para a contratación do servizo público de retirada, inmbilización, depósito e xestión de cobro dos vehículos indebidamente estacionados na vía pública. 70443-210, na opción 1 (reversión dos terreos a finalización do contrato e duración do mesmo de 16 anos)terreos en propiedade). Sendo as características do contrato as seguintes:

Fixa como prezos para os primeiros catro anos de prestación do servizo o de 1692.440 euros/ano, como prezo de adxudicación a partir do quinto ano do contrato e para a totalidade do servizos obxecto de contratación o de 1.714.226 euros/ano (IVE incluído).

Fixa como coeficientes A, B e C a que se alude na cláusula VII– revisión ordinaria de prezos do prego de prescricións administrativa - os seguintes : A: 0,6079; B0,0371 e C:0,3549

Fixa como tipo de interese aplicable ás inversións: tipo medio EURIBOR + diferencial de 0,00%.

Incrementa a cantidade mínima do seguro de responsabilidade civil específico para este contrato en 1.000.000 euros.

Todo iso de acordo co prego de condicións administrativas e técnicas aprobado por acordos da Xunta de Goberno Local de 16-01-2006 e 21-03-2005 respectivamente, así como a oferta presentada”.

Segundo.- A prestación comezou o 01 de abril de 2007 e remata o 31 de marzo de 2023.

Terceiro.- Para responder do cumprimento do contrato, a citada mercantil constituíu na Tesorería do Concello senllas garantías definitivas por importe de 1.097.104,64 € (mandamento de ingreso 200700003123) e de 34.284,52 € (mandamento de ingreso 200700003124).

Cuarto.- Na sesión ordinaria do 31 de marzo de 2023, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo (Expte: 132707/210)

1º.- Autorizar a primeira prórroga do contrato de concesión para a xestión do servizo de inmovilización, retirada, depósito, custodia e cobro dos vehículos indebidamente estacionados en vía pública adxudicado por Acordo da Xunta de Goberno Local de 08/01/2007 (Expte: 70443/210).

A prórroga comezará o 01 de abril de 2023 e rematará o 31 de marzo de 2025.

2º.- O prezo para a prórroga do contrato queda establecido en

Anualidade abril 2023- marzo 2024: 2.057.683,45 €

Anualidade abril 2024- marzo 2025: 2.057.683,45 €

3º.- Ordenar que polo responsable do contrato se inicie o primeiro día hábil do vindeiro mes de abril en que se inicia a prórroga, expediente de revisión e actualización do prezo do contrato conforme ao establecido no Texto Refundido do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado por Acordo da Xunta de Goberno Local de 21 de marzo de 2005.

Quinto.- O expediente de revisión e actualización do prezo do contrato está actualmente en fase de tramitación.

Sexto.- En data 05/09/2024 SETEX APARKI S.A solicita a 2ª prórroga do contrato, mediante documento n.º 240266906.

Sétimo.- Con data de 28 de febreiro de 2025 a Concelleira delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal ordena o inicio de expediente da 2ª prórroga do contrato. (Expte 142618/210)

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O contrato obxecto de consideración regúlase, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción polo RDL 2/00 que aprobou o Texto Articulado da Lei de Contratos das AAPP (D.T.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

1ª.2 da Ley 30/07 de Contratos do Sector Público na súa redacción vixente ao tempo de celebrarse a licitación).

Segundo.- O apartado IX do Texto Refundido do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Condicións Técnicas do contrato dispuxo unha duración do contrato de 16 anos coa posibilidade de ata dúas prórrogas de dous (2) anos cada unha.

Terceiro.- Para decidir sobre a continuidade do contrato ou a convocatoria dunha nova licitación, tívose en conta o grao de desempeño do contratista sobre o conxunto das obrigas asumidas en virtude do contrato durante toda a duración do mesmo, a adecuación das prestacións obxecto do contrato respecto das necesidades actuais e nos vindeiros dous anos, e as propias circunstancias do mercado.

Especial importancia cobra aquí o feito do mantemento, coa prórroga, da mellora contida na oferta da concesionaria consistente na dispoñibilidade para o Concello, a título gratuíto, de 2.434 m2 adicionais de capacidade do depósito sobre a esixida na licitación, de 10.000 m2.

Cuarto.- A revisión de prezos do contrato ven establecida no apartado VII, 1 e 2 do Texto Refundido do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, que estipula a súa revisión anual.

Na fórmula de revisión

$$\text{Prezo actualizado} = ((\text{Po} - \text{amortización})K + \text{amortización}) * T$$

o cálculo do factor K depende de variables a determinar unha vez iniciada a prórroga.

A última actualización de prezos do contrato foi a correspondente á decimoprimera anualidade, 2017-2018, por importe de 2.617.996,09 € en aplicación da fórmula contractual

$$\text{Prezo actualizado} = ((\text{Po} - \text{amortización})K + \text{amortizacións}) * T$$

De aquí dedúcese,

$$K = 0,6079(1,3874) + 0,0371(55,1/51,6) + 0,3549(1,181)$$

$$K = 1,3021$$

$$(1.477.781,03 - 37.672 - 180.063,00) * 1,3021 = 1.640.705,94 \text{ €}$$

$$(1.640.705,94 + 526.005 - 3.077,81) * 1,21 = 2.617.996,09 \text{ €}$$

$$2.617.996,09 \text{ €} / 12 = 218.166,34 \text{ €/mes}$$

Quinto.- O prezo do contrato para a prórroga determínase tamén pola citada fórmula, desde o primeiro día da prórroga, pero descontando dos elementos afectos ao contrato o importe dos que xa es-

tivesen totalmente amortizados (cláusula IX, 2 do Texto Refundido do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares).

Conforme á oferta presentada polo contratista, o depósito, elemento principal do inmovilizado, quedou amortizado con efectos do 31 de marzo de 2023.

Na primeira prórroga do contrato (01/04/2023 a 31/03/2025) quedan amortizadas a totalidade das inversións de renovación previstas no contrato, isto é, catro (4) anos das cinco (5) grúas incorporadas ao servizo como reinversión o décimo terceiro ano do contrato (2019-2020), por importe de 113.049,93 euros, máis o valor neto contable do equipo informático renovado no décimosexto (último) ano do contrato por importe de 6.667,87 €.

É dicir, no último ano do contrato (2022-2023) quedaron amortizados 7.381.021 €, e na primeira prórroga 119.717,80 €.

Respecto da tabla de amortizacións da oferta (121.591,85 €), apréciase unha diferenza negativa no valor neto contable pendente de amortización de -1.874,05 €, que se explica polo erro en que incorre a tabla de amortizacións no oitavo ano (524.131 € en vez de 526.005,47 euros).

Dado que no expediente 10.092/111 de execución da Sentenza 218/2014 (P.O. 123/2013, P.E.D 57/2016) SETEX solicitou e obtivo a revisión do prezo do contrato para a oitava anualidade (abril 14-marzo 15) engadindo como importe da amortización o de 524.131 €, tratase dun acto firme e consentido.

Sexto.- O prezo do contrato para a segunda prórroga (xa sen amortizacións pendentes) é en cada anualidade o que sigue:

$$(1.477.781,03 - 37.672 - 180.063,00) \times k = 1.260.046,03 \times k =$$

$$k = A (Mt/Mo) + B (Gt/Go) + C (Rt/Ro) = 0,6079 (1,3874) + 0,0371 (55,1/51,6 = 1,0678) + 0,3549 (1,181) = 1,3021$$

$$1.260.046,03 \times 1,3021 = 1.640.705,94 \text{ €}$$

$$1.640.705,94 \times 1,21 = 1.985.254,20 \text{ €}.$$

$$\text{MENSUALIDAD: } 1.985.254,20 / 12 = 165.437,85 \text{ €}$$

Sétimo.- Na aplicación orzamentaria 1330 2279901, Contrato de retirada e custodia de vehículos, existe crédito adecuado e suficiente.

Oitavo.- A competencia para autorizar o inicio da prórroga corresponde á Concellería delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, en virtude do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, de data 28 de xuño de 2024, de Modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros/as de área de goberno e nos Concelleiros/as delegados/as.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

En mérito de canto antecede, en uso das atribucións que legalmente me corresponden como responsable do contrato de xestión do servizo público de inmovilización, retirada, depósito e xestión do cobro dos vehículos indebidamente estacionados na vía pública adxudicado á mercantil SETEX APARKI, S.A. por acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de xaneiro de 2007 (Expte: 70443/210), veño en propoñer á Concelleira delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal que, previo informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO

1º.- Autorizar a segunda prórroga do contrato de concesión para a xestión do servizo de inmovilización, retirada, depósito, custodia e cobro dos vehículos indebidamente estacionados na vía pública adxudicado por Acordo da Xunta de Goberno Local de 08/01/2007 (Expte: 70443/210).

A segunda prórroga comezará o 01 de abril de 2025 e rematará o 31 de marzo de 2027.

2º.- O prezo para a segunda prórroga do contrato queda establecido en

Anualidade abril 2025- marzo 2026: 1.985.254,20 € €

Anualidade abril 2026- marzo 2027: 1.985.254,20 € €

3º.- Dispoñer que o expediente pendente de revisión e actualización de prezos do contrato resólvese de forma conxunta coa revisión de prezos correspondente á anualidade 2025-2026, no prazo máximo de 6 meses desde a aprobación do presente acordo.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(227).- RECTIFICACIÓN DE ERROS NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA EDUCATIVO DA REDE DE MUSEOS. EXPTE. 3790/341.

Sométese a aprobación o informe-proposta do 25/03/2025, asinado polo xefe de Museos municipais e conformado polo concelleiro delegado de Cultura e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Con data 10 de marzo de 2025, emitíuse informe-proposta á Xunta de Goberno local, asinado polo xefe do Servizo de Museos e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que foi aprobado en sesión ordinaria do 21 de marzo de 2025.

Detectado erro material na data do Prego de cláusulas administrativas particulares en dito informe-proposta e en consecuencia no acordo da Xunta de Goberno local, en virtude do

disposto no artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que permite ás administracións rectificar en calquera momento de oficio os erros materiais de feito ou aritméticos existentes nos seus actos. faise a seguinte PROPOSTA:

.- Rectificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno local do 21 de marzo de 2025 no expediente de contratación do servizo de xestión, organización e desenvolvemento do programa educativo da rede de museos, do seguinte xeito:

Onde di:

“1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto, dos servizos de atención ao público en dependencias da Rede de Museos Municipais.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexerá a citada contratación, de data 18 de decembro de 2024, asinado pola pola técnica de Administración Xeral e a xefa do Servizo de Contratación.”

Debe dicir:

“1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto, dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa educativo da Rede de Museos Municipais.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexerá a citada contratación, de data 25 de febreiro de 2025, asinado pola pola técnica de Administración Xeral e a xefa do Servizo de Contratación.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(228).- ENCOMENDA DA REDACCIÓN DO IMPLANTACIÓN DO PLAN DE EMERXENCIAS DA PRESA DE ZAMÁNS Á ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA FCC-VIGO UTE. EXPTE. 2265/441.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 20/03/2025, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento, polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro.

No devandito plan figura un apartado denominado “outros investimentos”, que deben ser concretados nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

III.- No punto III, relativo aos “Actos administrativos a través dos que se exercerá o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia” do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

IV.- Con data 12 de marzo de 2025 o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos municipal e o Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente na **IMPLANTACIÓN DO PLAN DE EMERXENCIAS DA PRESA DE ZAMÁNS** O devandito informe indica o seguinte:

A presa de Zamáns foi executada entre os anos 1952 – 1960, correndo a cargo do Concello de Vigo o proxecto, a execución das obras e explotación da presa dende a súa posta en servizo en agosto de 1960. Trátase dunha presa de gravidade de formigón, de 2 hm3 de capacidade e altura sobre cimentos de 29 metros. Dende esta presa se cubre parte da demanda de abastecemento do Concello de Vigo (en torno ao 11% da demanda total), tratándose a auga bruta procedente da presa na ETAP de Valladares. Ademais, dende a presa se subministra auga bruta ao Concello de Nigrán.

Por resolución do Director de Augas de Galicia, en data 09/01/2025 foi aprobado o Plan de Emerxencias da presa de Zamáns, redactado por Aqualia-FCC Vigo UTE, empresa concesionaria do servizo de abastecemento, saneamento e depuración.

Dita resolución establece a obriga de presentar o documento técnico coas actuacións necesarias para a implantación do Plan de Emerxencias nun prazo máximo de dous anos dende a data de aprobación do mesmo.

A tal fin, considérase necesario redactar un proxecto que defina as actuacións necesarias para a implantación do plan de emerxencias (que require a adecuación dun centro de control de emerxencias, así coma a instalación de sistemas de aviso a la poboación e edición de material

divulgativo), e a súa posterior execución, de tal modo que se poida implantar o Plan de Emerxencias nos prazos requiridos.

Tendo en conta a situación e as circunstancias expostas, considérase que a actuación de “IMPLANTACIÓN DO PLAN DE EMERXENCIAS DA PRESA DE ZAMÁNS” é unha actuación necesaria que non debe demorarse.

V.- A vista deste informe, con data 17 de marzo de 2025 o Concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente **IMPLANTACIÓN DO PLAN DE EMERXENCIAS DA PRESA DE ZAMÁNS.**

VI.- O proxecto a redactar debera adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do **IMPLANTACIÓN DO PLAN DE EMERXENCIAS DA PRESA DE ZAMÁNS**

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(229).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, ENTRE A RÚA DE PONTEVEDRA E A RÚA DA REPÚBLICA ARGENTINA”. EXPTE. 6299/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 25/03/2025, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 26.04.2023 resolveu autorizar o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor do arquitecto Javier Couto Granja.

II.- O dito arquitecto presenta trala fase de supervisión, proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, ENTRE A RÚA DE PONTEVEDRA E A RÚA DA REPÚBLICA ARGENTINA”, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS CENTO SESENTA E TRES MIL SEISCENTOS VINTE E OITO EUROS con OITENTA E TRES CÉNTIMOS (2.163.628,83 €).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

III.- O Xefe do servizo de Vías, Obras e Infraestruturas en data 15.12.2023 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos na mesma data, a proposta da Técnica de Xestión - Xefa do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e Servizos. (Resolución da Concelleira de Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 31 de agosto de 2023) resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación se desenrola na rúa Rosalía de Castro entre a rúa República Arxentina e a rúa Pontevedra. No ámbito de proxecto sitúase un aparcamento subterráneo que conta con tres bocas de entrada-saída.

Actualmente, a sección viaria presenta tres carrís de circulación, con aparcamento en liña a ambos lados e beirarrúas con estreitamentos que impiden unha circulación peonil cómoda. Indicar que o firme presenta un alto grado de degradación e existe unha gran heteroxeneidade na pavimentación con losetas de distinta cor nas beirarrúas e na disposición do mobiliario urbano de forma desordenada.

Para solucionar esta problemática, actúase nunha superficie de 3.743 m² nun tramo de 110 metros de lonxitude de rúa, e as obras a executar se describen a continuación:

- Distribución da sección transversal da rúa en plataforma única de uso compartido con prioridade peonil, incrementando o espazo destinado aos peóns nas beirarrúas. Redúcese en dous carrís o espazo de circulación rodada dado o baixo fluxo de tráfico.
- Creación de diversas zonas estancias:
- A vila: lugar de transición que incorpora mobiliario urbano e xardinería para recuperar espazo para a estancia pública.
- Os parladoiros: Instalación de dúas grandes pérgolas circulares con un emparrado de glicínea, disposición de bancos e unha mesa.
- A solaina: Terceiro parladoiro circular con bancos en forma de arco sen cubrición.
- O paseo das flores: Zona de circulación peonil con disposición de bancos lonxitudinais e flores artificiais a modo de parasóis, que incorporan xogos de sombras con textos de Rosalía de Castro.
- A fraga: Pequena zona verde con plantación de especies autóctonas e mobiliario urbano.
- O regato: Unha fonte para beber e encher botellas de auga, con saída en canal á vista que remata en un pozo natural que confire ao entorno ruído de cascada.
- Pavimentación da calzada en formigón desbastado con disco de cor clara que permite reducir a temperatura do firme en época estival e minimizar o ruído da circulación dos vehículos. Nas beirarrúas dispónse dun pavimento mixto de formigón con vexetación en franxas que permite mellorar a drenaxe superficial e solucións de pavimento táctil indicador para indicar o itinerario accesible e os cruces.
- Principais actuacións nas redes de servizos:
- Renovación da rede de abastecemento en fundición dúctil en todo o tramo.
- Disposición dunha rede separativa de augas residuais e pluviais en PVC.
- Renovación da rede de alumado público, mellorando a iluminación no tramo e incrementando a eficiencia enerxética.
- Instalación dunha rede de rego por goteo para todas as zonas verdes.
- Disporase en todo o ámbito de novo mobiliario urbano, nos que destacan a instalación de dúas grandes pérgolas circulares, bancos de distinta índole e flores fotovoltaicas como alegoría da vinculación de Rosalía de Castro co entorno. Complementariamente realízase un tratamento integral das zonas axardinadas, cunha selección de especies autóctonas nomeadas na obra «O herbario de Rosalía».

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de DOCE (12) MESES.

V.- Consta no expediente administrativo de referencia resolución favorable da Dirección Territorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude de data 25.06.2024, pola que se autoriza o proxecto humanización rúa Rosalía de Castro en rúa Rosalía de Castro entre rúa República Argentina e rúa Pontevedra, concello de Vigo, condicionado a realización de sondaxes avaliativas previas no novo tramo norte da canalización de saneamento e un control arqueolóxico xeral da actuación.

VI.- A Enxeñeira da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 28.02.2025 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

"(...)

O planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana De Vigo (PXOU93) vixente, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29.04.1993 (DOG no87, do 10/05/1993; BOP no133, do 14/07/1993), coas súas modificacións puntuais, e o Instrumento de Ordenación Provisional (IOP) aprobado definitivamente polo Pleno o 24.07.2019, publicación no DOG no 160 do 26.08.2019 e a súa normativa foi publicada no BOP Pontevedra no181 do 20 de setembro de 2019.

As actuacións proxectadas están integradas na súa meirande parte dentro do ámbito de aplicación do IOP, e a rúa está clasificada como solo urbano e ten fixadas unhas aliñacións que coinciden co estado actual da rúa e tamén coas obras proxectadas que se axustan ao viario existente, tal como indica o informe da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo de data 05/04/2024.

As obras previstas localízanse dentro do do ámbito de protección integral do xacemento Pontevedra-Areal, catalogado co código GA36057083, tal como indica o informe do Servizo de Patrimonio Histórico do Concello de Vigo de data 27/03/2024. O proxecto de execución de obra consta de autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia de data 25/06/2024, condicionado a realizar unhas sondaxes avaliativas previas antes do inicio dos traballos. O proxecto arqueolóxico para a realización das sondaxes consta de autorización do organismo competente de data 06/02/2025.

Aínda que as obras atópanse dentro da zona de servidume aeronáutica do Aeroporto de Vigo, tal como indica o proxectista no Anexo 5, as devanditas obras en ningún momento presentan unha altura superior a xa existente de luminarias e demais elementos que conforman o perfil da zona, polo que non se considera necesario solicitar autorización ao organismo competente.

Tal como indica o Anexo 19 Medio Ambiente, as actuacións definidas no proxecto non se engloban nos supostos contemplados na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, polo que non precisa someterse a avaliación de impacto ambiental. Non se aprecia que a obra afecte a ningunha normativa sectorial significativa.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que “non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de **“HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, ENTRE A RÚA DE PONTEVEDRA E A RÚA DA REPÚBLICA ARGENTINA”**, redactado polo Arquitecto Javier Couto Granja, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS CENTO SESENTA E TRES MIL SEISCENTOS VINTE E OITO EUROS con OITENTA E TRES CÉNTIMOS (2.163.628,83 €) e con sinatura dixital de data 27.02.2025.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- “Proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais 2025”. Expte. 279068/301.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

20(230).- PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS 2025. EXPTE. 279068/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 27/03/2025 e o informe de fiscalización do 31/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 27/03/2025, asinado pola xefa do servizo de Benestar Social, o xefe de Área e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

I. ANTECEDENTES

I.1. Con data 12.03.2025 a Concelleira delegada de Política Social, Turismo e Xuventude (Yolanda Aguiar Castro) á vista do informe do Xefe de Área de Benestar social do 11.03.2025, resolveu iniciar o expediente do «PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS – 2025» para a súa presentación perante a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, a fin de obter as axudas destinadas ó cofinanciamento da prestación dos servizos sociais no Concello de Vigo reguladas no Decreto 99/2012, do 16 de marzo de 2012 (DOG nº 63, do 30.03.2012) e normativa complementaria.

I.2. O artigo 43 do citado Decreto 99/2012, modificado polo posterior Decreto 148/2014, do 6 de novembro, regula a iniciación do procedemento, concretando no seu apartado 1.b) que o Proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais deberá ser aprobado polo órgano competente da Corporación Local, facendo constar expresamente a continuidade na prestación deses servizos.

I.3. Posteriormente, no DOG nº 140, do 26.07.2016 publicouse a Orde do 13.07.2016 pola que se modificaron os módulos económicos de financiamento e unha actualización ao alza das contías dos gastos de persoal dos servizos sociais comunitarios establecidos no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento,

II. INFORME

II.1. Mediante Decreto 99/2012, do 16 de marzo, régulanse os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, producíndose un cambio de procedemento: do anterior baseado na convocatoria anual de subvencións a outro de transferencias de ciclo anual para dar continuidade a uns servizos fundamentais prestados á cidadanía polas Corporacións Locais (“Plan concertado”).

II.2. O Decreto 99/2012, modificado polo posterior Decreto 148/2014 do 6 de novembro, ademais de desenvolver a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, recolle entre os seus obxectivos o de establecer os mecanismos que permitan a transferencia automática aos entes locais das cantidades que anualmente lles correspondan en concepto de cota fixa polo “Plan concertado” de servizos sociais.

II.3. As cantidades que perciban para o seu financiamento as entidades locais como titulares dos servizos sociais comunitarios diferéncianse entre transferencias correntes e transferencias de capital. As de capital poderán ter como finalidade novos investimentos en centros de servizos sociais, o seu equipamento ou a adaptación e mellora da accesibilidade das instalacións e as transferencias correntes enfócanse ó financiamento dos gastos de persoal, indemnizacións por razón de servizo e formación, servizos de axuda no fogar e sostemento doutros programas de actuación comunitaria.

A Concellería de Servizos Sociais iniciou no 2020 un Plan de investimentos para a mellora e ampliación da prestación dos servizos sociais, consistente na rehabilitación interior e ampliación do centro de servizos sociais da Praza da Princesa e a rehabilitación do edificio sito en rúa Alta n.º 23 do Casco Vello para uso de Centro de formación para persoas en

risco de exclusión social. Neste ano 2025, continuamos co plan de investimentos con máis de 400.000€ que inclúe a reforma integral do tellado do Centro Integral de inclusión e emerxencia social (CIIES) cun orzamento previsto de 226015,90€, o remate da reestrucutración do CMMS da Praza Princesa e diversas obras de melloras nas UTS. **O financiamento para estes investimentos debería axustarse ao Mapa galego de servizos sociais e ao Plan estratéxico de servizos sociais da Xunta de Galicia tal e como recolle o xa citado Decreto 99/2012. Pero dado que, tanto o Mapa galego de servizos sociais coma o Plan estratéxico de servizos sociais da Xunta de Galicia, a día de hoxe, seguen sen aprobarse e polo tanto, non se convocan subvencións en réxime de concurrencia competitiva, estes investimentos serán asumidos e financiados integramente polo Concello de Vigo.**

Por outro lado, este ano remata o contrato maior do Servizo axuda no fogar que actualmente temos adxudicado dende o 2019 a un prezo/hora de 16,69€. O prezo/hora de licitación do novo contrato se fixou en **24,76€/hora**. Este incremento explícase polo aumento dos custos laborais derivados da aplicación do “Convenio colectivo para a actividade do servizo de axuda a domicilio de Galicia” (DOG nº 31, do 16.02.2010) e os posibles incrementos dos custos laborais durante a vixencia prevista do contrato e polos actuais prezos/hora deste servizo en distintos concellos de Galicia (Arteixo: 22,66 €/h, Fene: 23,26 €/h, Oleiros: 23,91 €/h, Santiago 23,62 €/h, Redondela: 23,17 €/h). Tendo en conta o número de horas anuais do servizo para a modalidade SAF-dependencia asignadas pola Xunta (650.832)h máis o número de horas da modalidade de libre concurrencia (15.600h), o novo prezo do contrato para cada anualidade terá un custe máximo de 16.094.000€, fronte aos 10.794.277,95€/ano actuais. Diante de toda esta realidade que terá un enorme impacto para as arcas municipais (custe do servizo elevarase case un 50%), o Concello de Vigo tense dirixido á Xunta de Galicia, administración competente na materia para solicitar un incremento do financiamento do servizo de axuda no fogar, xa que o financiamento do prezo/hora do servizo, segue estancado en 12€/hora dende 2024.

A Xunta de Galicia, pasaría entón a financiar só o 48,46% do servizo. Sendo o resto do importe do contrato imputado ao Concello de Vigo, que xestiona esta competencia por derivación dunha lei autonómica, é dicir por mandato da administración titular, que non é outra que a Xunta de Galicia.

Todo isto, sen ter en conta que o custo aboado ao contratista non é o único custo do servizo, xa que o Concello de Vigo financia, ademais, as retribucións de todo o persoal municipal adscrito a este servizo (que ten unha adicación do 100% ao servizo). Polo que habería que engadir ás cifras antes mencionadas (16.094.000€), os custes directos e indirectos asociados á prestación, distintos dos devengados polo contratista: 1.219.613,41 euros/anuais, segundo o estudo de custo de actividade que ten avaliado o Servizo de Contabilidade e Orzamentos do Concello de Vigo, que forma parte da información remitida ao Órgano Fiscalizador externo (Tribunal de Contas e Consello de Contas de Galicia), o que significaría, sen ter en conta as posibles baixas nas ofertas de prezos, un custe máximo total anual para o novo contrato de 17.313.613,41€

Cómpre lembrar a este respecto que a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, no seu artigo 1.3. establece que no caso de que a administración autonómica decida atribuir competencias propias aos Concellos os



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1871/1102

anteproxectos das leis deberán ir acompañados dunha memoria económica elaborada pola consellería competente por razón da materia, na que se reflicta o impacto da nova atribución de competencias sobre os recursos financeiros das administracións públicas afectadas. Engade a maiores a norma que “a lei deberá prever a dotación dos recursos necesarios para asegurar a suficiencia financeira das entidades locais sin que elo poida conlevar, en ningún caso, un maior gasto das administracións públicas.

En canto á delegación, o artigo 2 da norma antes citada, establece que “deberá ir acompañada en todo caso do correspondente financiamento, para o que será necesaria a existencia de dotación orzamentaria axeitada e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para cada exercicio económico, sendo nula sen a dita dotación.

Por outra banda, hai que sinalar que a Ley 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía persoal e Atención a persoas en situación de dependencia, recolle un sistema de financiamento específico, que establece a participación da Administración Xeral do Estado, as Comunidades Autónomas e as propias persoas beneficiarias das prestacións, mediante o sistema de copago, pero, en ningún caso, a Lei prevé que sexan os Concellos os que asuman parte do financiamento do sistema e, moito menos, que sufraguen máis da metade do custo do servizo con cargo aos orzamentos das entidades locais, como é o caso de Vigo que **pasará a asumir neste exercicio máis do o 52% do custo total do servizo de axuda no fogar.**

III. PROPOSTA DE ACORDO

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o «PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS – 2025», elaborado polo Servizo de Benestar social do Concello de Vigo, de acordo coa documentación que obra no expediente administrativo nº 279068/301 (2025).

SEGUNDO: Facer constar expresamente, para os efectos do disposto no Art. 43 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo de 2012, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, a continuidade na prestación destes servizos no Concello de Vigo.

TERCEIRO: Solicitar á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia unha transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal que ascende a un importe total, segundo se reflicte no resumo xeral adxunto, de 13.559.711,33 € co seguinte detalle:

- Persoal: 1.087.915,00 €
- Mantemento: 3.463,39 €
- Axuda no fogar:

*Modalidade de prestación básica: 41.458,57 €

*Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 7.816.608,00 €

-Xestión de programas: 4.610.266,37 €
- Investimentos: 0,00 €

CUARTO: Adóptase ademais o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no Proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ó exercicio 2025, na contía de 11.066.445,86 € que supón unha porcentaxe do 44,94 % sobre o orzamento total do Proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

“QUINTO: Facer constar que a sinatura de todos os documentos e comunicacións e a orde e visto e prace das certificacións que se remitan á Consellería de Política Social e Igualdade relacionadas co presente expediente correspóndelle á Concelleira da Área de goberno de Política Social, Turismo e Xuventude, Da Yolanda Aguiar Castro, segundo os Decretos de delegacións de competencias da Alcaldía-Presidencia nos/as concelleiros/as delegados/as (2023 – 2027) e, en especial, o Decreto de 28.06.2024, de delegacións de competencias na Concelleira da Área de goberno de Política Social, Turismo e Xuventude (BOPPO no 133, do 09.07.2024) e nos demais preceptos de pertinente aplicación”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(231).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás trece horas e corenta minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez